

A parroquia de alén mar: Algunhas notas sobre o asociacionismo local galego en Bos Aires (1904-1936)*

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMEN

El trabajo analiza las causas que provocaron el nacimiento y proliferación del asociacionismo microterritorial gallego en América, con especial referencia al caso de Buenos Aires. Las diferentes modalidades de este tipo de asociacionismo responden a claves que tienen que ver en la mayor parte de los casos con la formación de élites dentro de las colectividades, así como con la aparición de un ideario político-social de carácter anticaciquil, de regeneración y progreso.

Palabras clave: Asociacionismo, Buenos Aires, movilización de los emigrantes.

ABSTRACT

This article analyzes the causes provoking the birth and proliferation of Galician microterritorial associations in America, with special reference to the case of Buenos Aires. The different ways of this kind of associations correspond to keys that have to do in most cases with the formation of elites within the communities, as well as the emergence of an ideological message which emphasized the necessity of progress and regeneration of local power.

Keywords: Immigrant associations, Buenos Aires, migrant mobilization.

Un fenómeno que distingue á comunidade galega dentro do conxunto das colectividades ibéricas emigradas é o seu alto índice de dispersión asociativa en entidades que, adoptando como ámbito espacial de actuación entidades xeográfico-administrativas propias do país de orixe (a parroquia, o concello ou a bisbarra), proliferaron dende 1904

* Este artigo encádrase dentro do proxecto XUGA 21004B97, financiado pola Xunta de Galicia.

tanto na Habana coma en Bos Aires, acadando en 1936 un número superior ó medio milleiro. Este fenómeno, só seguido de moi lonxe polas colectividades asturianas, é máis comparábel á proliferación asociativa italiana ou xudea nos EE.UU. e –en parte– Arxentina¹, e obriga a plantexarse as causas da súa orixe, funcionalidade e pervivencia, de xeito paralelo á consolidación, e mesmo ó xurdimento, das grandes institucións benéfico-mutualistas de acado rexional e estatal.

Neste senso, podemos considerar que o xurdimento dun tecido asociativo local de ámbito galego estivo condicionado por tres conxuntos de factores interactuantes:

a) A consideración da emigración como unha estratexia económica temporal, na que a imbricación entre emigración, retorno e mantemento de redes microsociais de relación e circulación da información xogaban un papel fundamental. No período considerado, algúns autores estiman que arredor dun 70% dos galegos emigrados a América retornaron ó seu país, cun máximo de retornos en 1911-20 (81%). Así mesmo, sabemos que, para o conxunto español e durante o período aquí considerado, un 65,2% dos retornados permaneceron un período de entre 2 e 10 anos en América². A emigración galega caracterizábase, como a portuguesa setentrional, por unha alta taxa de masculinidade, e polo seu carácter complementario dentro das estratexias reproductoras dos grupos domésticos campesiños. Na Arxentina, en concreto, a maioría dos inmigrantes españois procedían de Galicia: entre 1885 e 1895, o 55,8% de todos os españois arribados ó país eran galegos. E durante o primeiro terzo deste século, os galegos constituían de forma estábel arredor do 50% do continxente de españois residentes en Bos Aires, é dicir, máis de 150.000 en vésperas da I Guerra Mundial. Non esaxeraban, así, quen afirmaban que naquela altura a capital arxentina era a urbe con máis habitantes galegos de todo o planeta. Os máis deles eran de orixe campesiña (agricultores ou xornaleiros, segundo as profesións declaradas na arribada)³.

b) A interrelación entre mobilización política e social a nivel local en Galicia durante o primeiro terzo do século XX e mais a súa traslación ós emigrados, que se constituían na parroquia *de acolá* e xogaban un papel sobranceiro nesa dinámica de cambio social e acción colectiva. Dende comezos de século, os emigrados ausentes constitúen un importante factor no proceso de *modernización* dos seus lugares de orixe. En primeiro lugar, polo seu financiamento de obras públicas e o seu exercicio, individual ou colectivo, da beneficencia, co que suplían a ineficacia do Estado. E en segundo lugar pola súa contribución ó artellamento da sociedade civil nas zonas rurais, fundamentalmente mediante o seu apoio á constitución e funcionamento de sociedades

¹ Para o caso xudeo en Nova York (as *Landmanshaften*), vid. D. SOYER, *Jewish Immigrant Associations and American Identity in New York, 1880-1939*, Cambridge/Londres, 1997.

² Vid. A. EIRAS ROEL, «La emigración gallega a las Américas nos siglos XIX e XX. Nueva panorámica revisada», en id. (ed.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, 1992, 185-215; C. YÁÑEZ GALLARDO, *La emigración española a América (siglos XIX e XX)*, Colombres, 1994, p. 225.

³ Vid. J.C. MOYA, *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930*, Berkeley/Los Angeles/Londres, 1998, pp. 1 e 16.

agrarias, co fin de loitar polo fin do sistema foral e promover a modernización da agricultura. Sumábase a iso a intervención dos emigrados nas loitas políticas locais apoiando a faccións que, na súa perspectiva, contribuirían a crebar o dominio caciquil nas zonas rurais e a estender a democracia participativa, sobre a base da moralización da vida pública e mais a redención do labrego mediante o seu acceso á instrución e á cultura. E, neste senso, foi moi significativo o influxo dos ausentes e particularmente dos retornados na propagación nas zonas rurais de Galicia dun novo espírito cívico, considerado base eficaz do patriotismo e da democracia, e que se estendería ós planos da moral pública e dos costumes *modernos*⁴.

c) O xurdimento dunha elite dentro da colectividade galaica interesada na promoción e mantemento desas formas asociativas como parte do seu *capital simbólico* dentro da propia comunidade galega e española emigrada, tanto na sociedade receptora como con vistas á sociedade de orixe. Aquela elite estaba composta de emigrantes favorecidos polo ascenso económico e de intelectuais, xornalistas e exilados, que adoito vivían nun esporádico vai e vén entre dous mundos⁵. Esta *leadership* contribuíu, igualmente, a moldear a imaxe da colectividade galega fronte ó exterior (tanto as sociedades hispanoamericanas como o resto de comunidades hispánicas en América), dotóuna dunha identidade máis ou menos codificada e coaduvou a artellar o seu apoio a reivindicacións políticas e movementos sociais no país de orixe. Dende o abrente do asociacionismo galego en América, a presenza dunha elite de exilados republicanos federais galegos que abandonaron España logo de 1874 revelouse como un factor catalizador para a formación do tecido asociativo de ámbito galego, ó mesmo tempo que participaban no de ámbito español. E ata comezos do século XX esa elite foise anovando xeneracionalmente e diversificando politicamente, sufrindo a partires da impronta republicana inicial un forte influxo rexeneracionista dende 1900, e en parte do nacionalismo galego máis tarde. A iso únase o impacto que sobre esa elite exercía a súa propia participación na vida política e social da Arxentina, especialmente decisiva para a aparición de líderes societarios de tendencia socialista⁶.

Os factores aludidos contribuíron a que durante o primeiro terzo do século XX a Galicia europea e a Galicia de alén mar se complementasen e se influísen mutuamente. O que dá pe a unha nova interpretación verbo dos enfoques clásicos da emigración de retorno e a relación entre asociacionismo emigrante e mobilización política. Na nosa opinión, se non trata dun fenómeno *unidireccional* que implique unicamente o transvasamento de recursos económicos e influencias sociais e políticas dende a

4 Sobre este aspecto, vid. o noso traballo *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, 1998.

5 Parafraseando a B. CARTOSIO cando analiza o papel dos líderes obreiros sicilianos dos EE.UU. que tamén desenvolveron a súa actividade en Sicilia («Sicilian Radicals in Two Worlds», en M. DEBOUZY [ed.], *In the Shadow of the Statue of Liberty. Immigrants, Workers and Citizens in the American Republic, 1880-1920*, Urbana/Chicago, 1992, 117-28).

6 Vid. o noso traballo *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada-A Coruña, 1992.

sociedade de destino (América) cara á sociedade de orixe, que permanecería supostamente inmóbil ou, se se quere, *atrasada*⁷. Doutra banda, a relación entre mobilización política e asociacionismo inmigrante tense enfocado preferentemente baixo o prisma da súa función dentro das tensións sociais que afectarían tanto ás colectividades inmigradas como ó conxunto da sociedade receptora. Tratábase así de responder tamén á clásica cuestión de se o asociacionismo étnico retrasou ou acelerou a integración dos inmigrantes nas sociedades de acollida. Mais a penas se ten tomado en consideración cál podía ser a función que xogaba a relación coas comunidades de orixe no xurdimento e evolución deses tecidos asociativos inmigrantes⁸. Do noso punto de vista, é preciso considerar que nos atopamos perante unha retroalimentación constante, que segue ritmos diferentes, entre América e a sociedade de partida. Esta derradeira tamén experimenta mudanzas, e nela o impacto dos retornados e das colectividades de emigrantes só pode operar en senso transformador de existiren *aliados* potenciais, así como unha estrutura de oportunidade política que faga posíbel e multiplicadora a intervención dos ausentes. Iso estimulaba así mesmo ós veciños emigrados para axiren colectivamente con fins definidos, adoptando formas de organización que responderían a necesidades e obxectivos precisos tanto na sociedade de destino como na sociedade de orixe. Igualmente, sabido é que boa parte dos emigrantes ultramarinos non só se integraron nas sociedades de acollida de xeito parcial. A súa integración tamén tivo lugar através da súa participación nunha *colectividade* ou comunidade emigrante que conformaba un espacio de interacción social que recreaba aquél do que procedían os seus integrantes. Para iso, influíron factores como a proximidade de residencia; a densidade das redes microsociais informais e formais (o tecido de asociacións étnicas de axuda mutua e recreo) que fornecían acollida e protección, amais dun lugar de sociabilidade, ó recén chegado; e mais a existencia dunha prensa periódica que canalizaba tanto a comunicación co país emisor como co resto da colectividade inmigrada. Por iso, podemos falar dun modelo alternativo e máis dinámico de interacción, que aquí denominaremos *interacción osmótica*; e que ten lugar, con diferentes ritmos, entre as dúas oreas do océano. Niso, os galegos seguiron un patrón de comportamento sociopolítico *xenericamente* semellante ó da colectividade irlandesa, eslovaca ou lituana dos EE.UU., onde os emigrantes foron factor determinante da evolución política dos seus países de orixe, sobre todo através do seu apoio coordenado a movementos sociais coma o nacionalismo e os partidos agrarios dende o derradeiro terzo do século XIX⁹.

7 Enfoque frecuente na bibliografía sobre a emigración transoceánica de retorno en Europa: un exemplo é M. WYMAN, *Round-trip to Europe. The Immigrants Return to Europe, 1880-1930*, Ithaca/Londres, 1993.

8 O que tamén se pode apreciar, por exemplo, en enfoques tan meritorios coma os inaugurados polo clásico S. BAILY, «Las sociedades de ayuda mutua e el desarrollo de una comunidad italiana en Buenos Aires, 1858-1918», *Desarrollo Económico*, 21:84 (1982), 485-514.

9 Para unha discusión teórica deste modelo, vid. NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, 23-40. Para os casos comparativos, vid. entre outros D.E. PIENKOS, *For your Freedom Through Ours: Polish American Efforts On Poland's Behalf, 1863-1991*, Nova York/Boulder, 1991, 20-73, e M. M. STOLARIK, *Immigration and Urbanization: The Slovak Experience, 1870-1918*, Nova York, 1989.

¿Quen eran aqueles aliados potenciais que se ofrecían ós emigrados como compañeiros de viaxe na acción sociopolítica en Galicia, e que incentivaban a súa organización colectiva? Basicamente, e no período que aquí nos ocupa, tratábase de dous grupos de actores: a) sociedades agrarias de ámbito parroquial ou municipal, das que as funcións comunitarias adoito se superpuñan claramente ás das sociedades de emigrados, e b) “bandos”, periódicos e fraccións en loita polo poder local, organizados en torno a sectores sociais interesados polo xeral en atraerse o apoio tanto das sociedades agrarias coma dos emigrantes para desalojar ós xulgados *caciques* do consistorio municipal. Máis tarde, este segundo grupo será complementado ou substituído por un terceiro: forzas políticas opostas ó Réxime da Restauración borbónica ou á Dictadura de Primo de Rivera. Estas últimas foron principalmente de tres tipos: as diversas organizacións agraristas que tentaron coordinar e unificar ó nivel territorial galaico a acción illada dos centos de asociacións agrarias que xurdiron en Galicia a partires de 1900; as organizacións nacionalistas galaicas, e en moita menor medida o movemento obreiro, tanto de orientación socialista como anarcosindicalista¹⁰.

1. ¿DE LABREGOS A CIDADÁNS?

A canalización de esforzos e iniciativas por parte das sociedades de emigrantes na Arxentina a prol dos seus coterráneos en Galicia non foi un fenómeno espontáneo. Precisouse para iso a actuación dunha elite que fixese adquirir certa consciencia ós propios emigrantes da utilidade de su posíbel aportación ó país natal. Pero tamén era indubidábel que os emigrantes galegos, na súa inmensa maioría procedentes do medio rural, que chegaban á populosa e cosmopolita Bos Aires de comezos do século XX sen en moitas ocasións ter visitado denantes a capital da súa provincia, sufrían un importante choque cultural¹¹. Ese contraste era susceptible de os empurrar, dunha banda, á solidariedade étnica ou, mellor dito, *paesana* para amortiguar o impacto e poder acomodarse mellor ás novas condicións. Mais, doutra banda, inducía neles de xeito lento pero progresivo un proceso de mudanza da súa percepción do mundo e dos seus intereses.

Os propios contemporáneos percibían esa mudanza de actitude e de mentalidade nos emigrantes. Nembargante, o seu exame detido máis alá das imaxes deixadas por eles mesmos é máis problemático, pois os contemporáneos tendían polo xeral a gabar de

¹⁰ Vid. L. FERNÁNDEZ PRIETO ET AL. (eds.), *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, 1997. Sobre o agrarismo, M. CABO VILLAVERDE, *O Agrarismo*, Vigo, 1998.

¹¹ A maioría dos testemuños orais e dos relatos ou memorias dispoñíbeis dos contemporáneos insisten no localismo extremo, o horizonte parroquial dos emigrados adolescentes procedentes do medio rural. Porén, cómpre ter presente, como hai anos estableceu Morel, que a percepción do espazo social por parte dos individuos mesmo dun lugar pode ter límites e alcances moi variábeis dependendo do grupo social de pertenza. Vid. A. MOREL, «L'espace social d'un village picard», *Études Rurales*, 45 (1972), 62-80.

xeito desproporcionado os méritos, o altruismo e mais o “patriotismo” dos emigrados. Sen caermos nesa idealización, é indubidábel que foi precisamente a experiencia da emigración o que contribuíu a mudar a mentalidade de moitos dos que cruzaban o Océano, nun proceso de dimensións tanto individual como colectiva. Xa en 1901, o republicano galego Manuel A. Bares sinalaba o benéfico influxo dos centros de destino no expatriado: a emigración melloraba as virtudes e cualidades do emigrante, e facía medrar o amor á patria natal dende a distancia, converténdose nunha escola de verdadeiro patriotismo que se acrecentaba co contacto con outras nacionalidades emigrantes. E é que, malia condearen a emigración, ésta devíña para moitos intelectuais galegos unha sorte de escola de perfeccionamento social¹². Un deles sinalaba en 1905 cáles eran os determinantes sociais e económicos do cambio de mentalidade dos emigrados despois duns anos: o campesiño arribado a América deixaba un mundo de núcleos de poboación pequenos, onde «sus amedrentados habitantes no sólo no se atreven por flaqueza de voluntad a mostrarse espontáneos en el desarrollo de sus energías y en el elogio y en la censura de los actos ajenos, sino que ya ni se les ocurre [...] que la humanidad pueda ser de otro modo que como la vieron sus antepasados», xa que «su horizonte espiritual no se extiende más allá de los muros de su iglesia, y en el orden civil y en el económico viven a merced del cacique y del delegado del fisco». Pola contra, cando o labrego emigraba e se submetía a «fuertes contrastes», a súa sensibilidade espertaríase, e deviría «el ciudadano de la España progresiva». O emigrante afaciáase así á tolerancia, ó ter que convivir con culturas diferentes; igualmente, enxergaba «cómo viven los ciudadanos al amparo de las leyes que son igualmente efectivas para los grandes y para los pequeños, y ante las arbitrariedades cometidas con sus coterráneos, manifiesta virilmente su indignación, y las voces de protesta [...] contribuyen al fin y al cabo a despertar el sentimiento de la justicia»¹³. Ora ben, se o emigrante devíña máis xeneroso, mellor cidadán e paladín dunha España rexenerada, para algúns observadores, coma o xornalista asturiano na Habana Constantino Suárez *Españolito*, o patriotismo anovado dos emigrados só era «de relumbrón y algo teatralesco» nas súas manifestacións colectivas. Mais era un sentimento auténtico e productivo no que se refería ó seu vencellamento práctico co terriño natal, xa que, malia as súas limitacións, tratábase dun «patriotismo lugareño: se concibe el progreso o el atraso de España a través de lo que sucede en el ámbito del lugar nativo»¹⁴.

¹² M.A. BARES, «Los gallegos en América», [E] [E]co de [G]alicia, 10.9.1901, p. 2; R. CARBALLAL LAFORCAUDE, «Con el sufrir se aprende», [N]ova [G]alicia, 5.8.1906, p.1 (agás mención expresa, todas as publicacións periódicas de época que se citarán teñen como lugar de publicación Bos Aires).

¹³ J. R. CARRACIDO, «El inmigrante», *Almanaque Gallego para 1905*, Bos Aires, 1905, 46-48. O influxo do hispanoamericanismo propagado polo rexeneracionismo español contribuiu igualmente a revalorizar a figura do emigrante como símbolo e esperanza da anovación e do progreso de España: vid. NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, 151-59.

¹⁴ ESPAÑOLITO (Constantino Suárez), *La Verdad Desnuda (Sobre las relaciones entre España y América)*, Madrid, 1924, p. 145. O localismo dos emigrantes italianos en diversos puntos de Norteamérica, no fondo, obedecía a un patrón identitario semellante: vid. as observacións de R. F. HARNEY, *Dalla frontiera alle Little Italies. Gli italiani in Canada 1800-1945*, Roma, 1984, 240-41.

En definitiva, o labrego que emprendía o camiño da emigración descubriría un mundo urbano e de servizos, no que a mobilidade social ascendente devíña unha opción real e accesíbel. Velaí o caso, por exemplo, de moitos dependentes de comercio que, ó cabo dun tempo variábel, podían aforrar e establecerse pola súa conta en determinados ramos de actividade –nomeadamente, do comercio ó detalle, ocupación preferente, a xulgar polo non moito que sabemos, dos inmigrantes galegos en Bos Aires¹⁵. Para esa ascensión social no medio urbano, unha ferramenta principal era posuír un certo grao de instrución, consistente como mínimo nun nivel satisfactorio de alfabetización e coñecementos prácticos para a actividade comercial (contadoría e teneduría de libros, aritmética, etc.). Do contrario, os postos de traballo acadados na América eran os de máis baixa cualificación dentro do sector servizos. O contraste entre as metas acadadas polo inmigrante con instrución e o que non a tiña, e así mesmo o exemplo dos inmigrantes doutras nacionalidades, influía decisivamente nesa toma de consciencia. Un inmigrante caldelao expresábao nidiamente nunha carta aberta ós seus paisanos residentes en Bos Aires no 1923, incitándoos a termaren da instrución dos seus conveciños en Galicia:

...pra mirar anque soilo sea pol-a cultura y a educación d'aquiles probes miniños que nos nosos amados pobos vexetan na mais compreta falta de enseñanza precisa pra saber ser homes, e ser útiles pra sí e pra humanidá: porque habedes de pensar que os homes tal como viven alá ¿pr'a que sirven? ¿Pr'a arar unha terra de mala maneira? ¿Pra c-ando ven que carrexando toxos d'a mañán a noite non ganan pra vivir, emigran, y-o chegar o desterro topan que soilo poden mal comer sirvindo de porteiros, sereos e criados? Mentras qu'e outros homes donos d-ise saber qu'a eles lles falta ganan a vida dirixindo as industrias que dan grandeza a tod'o mundo¹⁶.

Igualmente, o inmigrante galego procedente do rural descubría na América un novo mundo de relacións sociais no que se encadraba en experiencias diferentes de confrontación de clase e de *oficio*. Aprendía así novas estratexias económicas e formas *proactivas* de emprender a acción colectiva baseadas na colaboura mutua e na axitación política e social, tanto através da súa participación no movemento obreiro como, en xeral, en asociacións de empregados e dependentes, ligas de comerciantes, asociacións culturais, etc. Iguais efectos tiña a súa participación en ou a súa observación do funcionamento da

¹⁵ Fáltannos estudos de base cuantitativa, aínda que si contamos con algúns achegamentos cualitativos. Vid. unha boa sistematización en P. CAGIAO VILA, «Cinco siglos de emigración gallega a América», en VV.AA., *Historia general da emigración española a Iberoamérica*, Madrid, 1992, vol. 2, 293-316. De acordo cos datos do censo municipal de 1909, os españois eran propietarios do 22,1% dos comercios de Bos Aires, con maioría en tendas e mercerías (59,9%), bares e cafés (34,3%), bazares (32,6%), almacéns (31,3%), hoteis e pensións (27,9%), e vendas de comestíbeis (27,4%). Ignoramos, porén, se a porcentaxe de galegos nese rubro xeral de españois se mantén nun 55% de media ou é superior. Vid. A.E. FERNÁNDEZ, «Patria y Cultura. Aspectos de la acción de la élite española de Buenos Aires (1890-1920)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 6-7 (1987), 291-307.

¹⁶ A. XESTAL, «Pros fillos do Auntamento de Castro Caldelas», [C]orreo de [G]alicia, n. 911, 23.4.1923, p. 3.

democracia participativa real nun medio urbano –idealizando aquela, xa que Arxentina distaba de ser na época unha democracia modélica. O sadense J. Arévalo Vieytes, emigrado primeiro ó Prata e despois a Cuba, onde se converteu nun destacado activista sindical, describía autobiograficamente en 1929 ese proceso de choque cultural e cambio, rememorando a súa experiencia de recién chegado a Bos Aires:

Me dirigí a la Argentina, y allí [...] fui sometido a trabajos y condiciones de vida poco decorosas y como veía a otros elementos que luchaban por medio de las Asociaciones, de la prensa, de la Cátedra, del libro y de la tribuna pública, por mejorar las condiciones de vida de las clases trabajadoras, de los empleados y de cuantos producen, yo que era un espíritu vivaracho, estudioso, sentí que allí, en esas luchas, estaba mi puesto [...] porque nada satisface tanto al hombre de alma humana, de sentimiento de justicia, como laborar por el bien general¹⁷.

Esta toma de conciencia de polo menos unha parte do colectivo inmigrante galego levouno a valorar as vantaxes da *asociación*, e xa que logo a fundar sociedades de ámbito galaico e de ámbito comarcal e local. Á parte dos fins de beneficencia, axuda mutua e lecer nelas comezou a aparecer un obxectivo máis definido: a educación ou *instrucción* dos seus lugares de orixe, labor complementario á instrucción do emigrante através dalgúns planteis de ensino sostidos polos Centros Galegos para fornecerlle ferramentas para o seu ascenso social, e que en moitos casos debeu servir de revulsivo e iniciador; mais ó que se foron engadindo contidos sociopolíticos implícitos ou, andando o tempo, máis explícitos.

2. AS SOCIEDADES MICROTERRITORIAIS OU *DE INSTRUCCIÓN*

A presenza da emigración na vida cotiá e na realidade social de Galicia fíxose patente en primeiro lugar ó nivel local e dentro dos marcos máis inmediatos de relación social e organización comunitaria, que eran basicamente –aínda que non en todas as rexións de Galicia coa mesma intensidade– as parroquias ou freguesías. En 1919 existían en Galicia 322 concellos e 3.785 parroquias, cunha media de 11 freguesías por concello e 545 habitantes por freguesía (6.150 por concello). Á súa vez, as parroquias formábanse por agregación de aldeas e lugares ou núcleos de poboación, dos que naquela altura existían en Galicia 16.613 (é dicir, unha media de 51,59 por concello e 4,38 por freguesía)¹⁸.

Malia as idealizacións de que foi e aínda é obxecto, é indubidábel que a parroquia constituíu ata datas recentes o marco de interacción social máis inmediato na Galicia

¹⁷ J. ARÉVALO VIEYTES, *Por tierras de Galicia (crónicas de la vida íntima y una conferencia pública al Sindicato agrícola de Santa Ana de Mera)*, A Habana, 1929, 74-75.

¹⁸ Vid. D. VILLAR GRANGEL, *El Municipio en Galicia*, Barcelona, 1919.

rural. O que cabe atribuír sobre todo a dous grupos de factores. Primeiro, a organización administrativa eclesiástica, vixente dende tempo atrás, que configurara fidelidades comunitarias cimentadas por ritos, cultos, festas e actividades que tiñan centro arredor da igrexa parroquial. Segundo, a posesión de recursos comúns que habían ser xestionados colectivamente (montes comunais e auga, sobre todo), a regulación da propiedade e xestión privadas (servidumes de paso, utilización das *agras*, etc.), e os sistemas de axudas recíprocas (colaboura interveciñal en traballos agrícolas, por exemplo.)¹⁹. Algún autor tense referido así á “parroquia de acá e de acolá” para describir a relación de dúas comunidades locais separadas polo océano, pero que seguiron conservando os seus elos, fortalecidos coa comunicación epistolar, as remesas materiais e o tráfico máis ou menos periódico de emigrantes e retornados através de redes microsociais. Iso configuraba un *espacio* característico de interacción social²⁰.

Neste senso, un dos fenómenos que sen dúbida distinguen á colectividade galega dentro do contexto do asociacionismo hispánico en América, e en Bos Aires en particular, é a proliferación de asociacións étnicas ó nivel microterritorial²¹. Estas formas asociativas reproducían como marco de referencia ámbitos de relación e interacción social de orixe dos emigrantes que eran inferiores á provincia. Tratábase da parroquia, pero tamén da bisbarra e do concello, ás veces o partido xudicial ou *distrito* (denominacións que non estaban exentas de certa indefinición espacial en moitos casos), pouco despois ou practicamente ó mesmo tempo que se formaban e consolidaban os grandes centros mutualistas e benéfico-asistenciais de ámbito macroterritorial (Centro Galego, Hospital Español, Casa de Galicia, etc.). As solidariedades locais perviviron na outra orella do océano, e foron nun comezo de carácter máis inmediato e vencellante que as “rexionais” ou “nacionais”. Iso reflectíase e tiña causa ó tempo na propia estrutura das cadeas migratorias, e na reprodución de elos de paisanaxe na América para a procura de colocación, protección inmediata ó recén chegado, espazos para o lecer, etc. O que se vía facilitado pola frecuente proximidade residencial nos mesmos bairros dos procedentes do mesmo lugar, se ben o índice de segregación espacial da capital arxentina era inferior ó doutras metrópoles de inmigración, polo que nela non se formaron bairros étnicos do estilo das *Little Italies* norteamericanas. En Bos Aires, os galegos tendían a concentrarse nos bairros do centro da cidade e os meridionais de Barracas, Constitución e Parque

¹⁹ Para unha discusión sobre o rol como marco comunitario e asociativo da freguesía, vid. P. SAAVEDRA, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, 338-40. Matizan a importancia da parroquia e atribúen unha maior forza á aldea X. RODRÍGUEZ CAMPOS «¿Qué es la parroquia rural en Galicia, una institución o una imagen?», en R. SANMARTÍN (ed.), *Antropología sin fronteras. Ensayos en honor de Carmelo Lisón*, Madrid, CIS, 445-54, e X. BALBOA, *O monte en Galicia*, Vigo, 1989, 62-65.

²⁰ J. A. DURÁN, «La parroquia de acá y de acolá en la Galicia tradicional», en *Indianos. Monografías de los Cuadernos del Norte*, 1982, 63-68

²¹ Segundo a terminoloxía de V. PEÑA SAAVEDRA, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, Santiago de Compostela, 1991, vol. I, 355-88.

Patricios, así como na cidade veciña de Avellaneda²². Zonas nas que, polo demais, localizábase a maioría dos comercios e establecementos rexentados por pequenos propietarios galegos, como podemos adiantar provisionalmente dun estudo aínda en fase de elaboración.

Este fenómeno sorprendeu contrariadamente a moitos observadores contemporáneos, incluíndo a elite republicana española de Bos Aires. Mais non debemos caer nas explicacións simplistas, baseadas nos consabidos tópicos verbo do carácter “localista” ou rexionalista supostamente característico dos emigrantes ibéricos, que aduciron aqueles. A dispersión asociativa non era exclusiva dos españois. Mais, dentro deles, atinxía máis ós galegos que ós asturianos, por exemplo –tamén provintes do medio rural e en Cuba case tan numerosos coma os primeiros. ¿Por qué?

Pódese considerar que, en principio, o maior número de inmigrantes galegos en Bos Aires que de calquera rexión española facía posíbel reproducir esquemas e vencellos de identidade colectiva semellantes ós xa existentes no país natal, através dos cales os individuos procedentes do medio rural vehiculizaban o seu proceso de socialización. Isto só podía acontecer en cidades onde o número de inmigrantes era suficiente para acadar unha “masa crítica” que fixese posíbel a coexistencia de varias esferas de sociabilidade. Neste senso, as pautas asociativas dos emigrantes galegos traduciron en boa parte unha xerarquización de lealdades e identidades, sen consideralas contradictorias. O inmigrante recién chegado á Arxentina podía asociarse ó Centro Galego ou ó Hospital Español, mais tamén tendía a buscar a compañía dos seus conveciños, organizar a súa sociabilidade e tempo libre preferentemente con eles, e por esa vía fundar ou asociarse a unha sociedade comarcal, local ou parroquial para reproducir en América os espacios de interacción social que lle eran familiares. Nisto xogaban un papel salientado a organización de festas –nas que se mesturaban elementos tradicionais (gaiteiros, alimentos do país, etc.) con outros propios da sociedade de destino–, romarías para celebrar os santos patróns locais ou simples tertulias. Os testemuños orais e escritos de que dispomos inciden sobre todo nese carácter de *recreación* do espacio de sociabilidade de orixe que posuían as asociacións microterritoriais, e particularmente as veladas recreativas por elas organizadas²³. Vencellábase así o esvaído sentimento de *patria* co máis definidor, o de *patria chica*. Resumíao o cirurxián Ángel Anido en 1898:

Al hablar de patria salta a la mente nuestro primer pensamiento, el recuerdo de la región. [...] Reconocemos la conveniencia de declararnos hijos de la patria grande, especialmente cuando nos hallamos entre extraños, pero el corazón nos vende; el primer impulso es para la patria pequeña. Y es que allí están la casa donde nacimos y la calle donde, siendo niños, hemos jugado con el desenfado propio de los pocos años

22 Vid. J.R. SCOBIE, *Buenos Aires. Del centro a los barrios, 1870-1910* [1974], Bos Aires, 1986, 46-49; MOYA, *Cousins and Strangers*, 123-204.

23 Arquivo HISTORGA (Historia Oral de Galicia), Univ. de Santiago de Compostela, entrevistas n.236 e n. 279.

[...] Allí hemos oído por primera vez, para no olvidarlos jamás, los cantos populares, que siendo los de nuestra amada Galicia resultan tristes [...] Allí hemos asistido a las fiestas populares [...] Allí descansan en la soledad del cementerio los restos de tantos seres queridos, reclamando su parte de recuerdo²⁴.

A pervivencia desas solidariedades locais e o alto promedio de retornos, xunto ó xeralmente curto período de estadía dos emigrantes alén mar, foron factores que favoreceron o mantemento dos vencellos coas comunidades parroquiais ou municipais de orixe. Neste senso, a pervivencia de redes sociais trasplantadas dende o país de orixe, de solidariedades comunitarias e de incentivos locais forneceu unha axeitada *estructura de mobilización* para a acción colectiva dos inmigrantes galegos, en canto se presentaron obxectivos concretos²⁵. En máis dunha ocasión, a necesidade de facer fronte a necesidades conxunturais e concretas nas súas comunidades de orixe levaba á asociación dos seus veciños ausentes en Bos Aires (ou A Habana). O catalizador podía ser o chamado de auxilio dos habitantes das parroquias ou lugares de orixe ós seus conveciños residentes en América para un fin concreto (unha colecta para unha obra pública, para a igrexa ou o cemiterio, por exemplo), através de un ou varios emigrados de prestixio profesional e intelectual, ou de boa posición económica. Éstes formaban unha comisión provisional co fin de recadar o diñeiro preciso, puñan en marcha unha certa dinámica de acción colectiva, e adoito concibían ó final a idea de constituír unha sociedade de ámbito comarcal ou parroquial que tivese continuidade, figurando automaticamente como membros dunha comisión iniciadora. Aínda que desas comisións non sempre xurdía de maneira inmediata unha sociedade de instrucción, mantíñase unha base de organización informal que en determinados intres esporeaba á acción colectiva dos emigrados en prol do seu lugar de orixe. Así se observa dende polo menos 1898, cando os naturais de Ribadeo, a iniciativa do comerciante Domingo G. Villamil, se xuntaron para contribuír cunha subscripción en prol do Hospital da súa vila de orixe. A eles seguiron varias comisións para construír cemiterios, escolas ou obras públicas por parte dos naturais de Merza, de Compostela, de Santa Mariña de Fraguas ou de San Xulián de Sales²⁶. Noutras ocasións atoparemos chamamentos explícitos das sociedades de agricultores dalgunha vila ou freguesía ós seus veciños residentes na América para estes coadxuvaren economicamente ó seu labor político e social, valéndose para iso dos periódicos da colectividade ou de intermediarios diversos²⁷. Os periódicos da colonia galaica serviron de vehículo de contacto e de alentador da formación de sociedades, nomeadamente *Nova Galicia*, semanario

²⁴ A. ANIDO, «La despedida», *Almanaque Gallego para 1898*, Bos Aires, 1898, 2-4.

²⁵ Diversos autores teñen insistido no papel que as redes sociais e comunitarias poden ter á hora de fornecer estruturas de mobilización, é dicir, canles organizativas previas para a acción colectiva que diminúen os custos da iniciativa individual: vid. S. TARRROW, *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política* [1994], Madrid, 1997, 54-56.

²⁶ EEG, n. 240, 20.6.1898, p. 9; n. 323, 10.10.1900, p. 2, e n.364, 30.11.1901, p. 3.

²⁷ NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, p. 85. Un exemplo de comisión iniciadora nos naturais de San Xurxo de Sacos: Pro San Jorge de Sacos, *Manifiesto. Para todos los hijos de este pueblo*, Bos Aires: s. ed., 1909.

fundado no 1901 polo procurador, xornalista e literato Fortunato Cruces, quen foi un decidido promotor da constitución de sociedades locais, fronte ás prevencións doutros periódicos e élites da colectividade –por exemplo, o influente *El Eco de Galicia* de Manuel Castro López– diante do que consideraban un minifundismo estéril²⁸. Da combinación desas reunións informais máis ou menos festivas e das chamadas de auxilio dende os lugares de orixe xurdiron tamén bó número de comisións iniciadoras que podían dar lugar a asociacións microterritoriais, malia ás veces estas cubriren necesidades inmediatas de tipo asistencial –como a repatriación de inmigrantes sen recursos e o subsidio parcial no caso de enfermidade. A maior densidade de inmigrantes galegos na Arxentina durante as dúas primeiras décadas do século XX posibilitou a canalización de esforzos ó nivel local e comarcal. Pero tamén influíu neste proceso a proliferación de asociacións agrarias no campo galego dende 1900, e o fenómeno paralelo de artellamento social que tiña lugar en amplas zonas rurais de Galicia, con xurdimento de periódicos, extensión relativa da alfabetización e diversificación da loita política ó nivel local.

Aquí utilizaremos a denominación *sociedades de instrucción* de xeito xenérico para o conxunto das sociedades microterritoriais. Mais, en puridade, este nome reservábase só para aquelas asociacións que tiñan como finalidade principal dotar de establecementos escolares ós seus lugares de orixe. Dentro delas tamén cabía incluír moitas sociedades con fins de recreo ou socorro mutuo. Todo un enxame de sociedades galegas de ámbito parroquial, municipal e comarcal xurdiu en en Bos Aires, ó igual que na Habana (e, en menor medida, Montevideo) entre 1904 e 1936, cun período de máxima intensidade global entre 1907-1925²⁹. Precedentes das sociedades de instrucción xa se rexistraron na Arxentina entre os naturais dos concellos de Rois e de O Saviñao en Rosario en 1888 e 1892, así como dos naturais de Betanzos residentes no bairro porteño de Palermo no 1897 –quen en agosto dese ano se xuntaron para conmemorar a festa de

²⁸ De feito, *Nova Galicia* incluía adoitado na súa propaganda a recomendación ós inmigrantes de se asociaren á súa entidade veciñal de orixe, mandar cartos á súa familia, participar nas festas e veladas sociais e contribuír ás causas filantrópicas en beneficio do seu lugar de nacemento. Varias entidades, polo demais, naceron gracias ó estímulo de *Nova Galicia* (ou do xornal promovido durante algúns meses polo propio Cruces *La Colonia Gallega*), que daba publicidade ós chamamentos de grupos de conveciños dispostos a fundar unha asociación. Eis o caso dos naturais da Fonsagrada Rosalino Puga e Fermín Castroverde, quen en agosto de 1914 dirixían unha carta a Cruces na que expoñían o acordo adoptado polos comensais dun banquete de fonsagradinos –que festexaran a festa patronal da súa localidade cun ágape–, consistente en fundar unha sociedade que «en cadea d’amor, arrecade os fillos d-o auntamento de Fonsagrada pra protexernos uns a outros, e mirar algo tamén pol-o progreso d-as parroqueas de nacemento faltas da proteuceón dos gobernos», centralizando as adhesións na redacción de *La Colonia Gallega*. Algo semellante facían os residentes de Ordes e de Monforte naquel mesmo ano. Vid. *La Colonia Gallega*, n. 94, 24.8.1914, p. 3.

²⁹ O número de sociedades deste tipo é, non obstante, difícil de establecer con precisión, en parte debido á certa inestabilidade e breve vida de varias delas. Ó que no eran alleas as disputas personalistas entre os directivos, que ás veces se saldaban mesmo con apropiacións indebidas dos fondos da sociedade, escisións de núcleos parroquiais ou municipais, ou desaparicións temporais das entidades. Un problema adicional para establecer o censo exacto de sociedades microterritoriais eran así mesmo as frecuentes fusións (temporais ou duradoiras) entre dúas ou máis entidades, e os non menos frecuentes cambios de denominación das mesmas.

San Roque. Mais a fase de maior proliferación de sociedades microterritoriais cadrou co de maior intensidade do fenómeno emigratorio dende Galicia cara a América: as dúas primeiras décadas do século XX. A primeira sociedade de instrucción coñecida en Bos Aires xurdiu en abril de 1904. Tratábase de *La Concordia*, asociación parroquial dos naturais da freguesía de Fornelos da Ribeira (Salvaterra de Miño). Na súa xénese, *La Concordia* amosaba ben ás claras a combinación de circunstancias que farán posíbel o desenvolvemento das sociedades microterritoriais: redes microsociais de vecindade e parentela operantes en Bos Aires, proximidade residencial e/ou de lugar de traballo, e combinación de intereses no seu liderado entre notábeis e activistas políticos. A entidade nacera a iniciativa de 37 inmigrantes procedentes de Fornelos, boa parte dos cales traballaba na fábrica de ferramentas dos irmáns Manuel e José M. González (r/ Buen Orden [hoxe B. de Irigoyen] 560-66), tamén naturais de Fornelos, co primeiro obxectivo de dotar á freguesía de orixe dun novo cemiterio civil e relixioso. O peso dos emigrados de éxito na directiva da primeira sociedade era elocuente: presidente foi nomeado Manuel González, e tesoureiro José M. González. Pero como vicesecretario figuraba o comerciante e activo membro da Liga Republicana Española [LRE] da Arxentina Ricardo Sestelo, quen ó pouco tempo enfatizaba o carácter *rexenerador* da nova entidade. Dentro dela, o papel de mecenasgo informal dos irmáns González, de Ricardo Sestelo e do seu irmán Constante, e do prestixioso xurista natural de Fornelos Rogelio Estévez Cambra (residente en Bahía Blanca) continuou a ser primordial: entre os cinco forneceron o 74,4% dos fondos recadados na primeira subscrición pro-cemiterio de Fornelos. En 1906, *La Concordia* xa colaboraba no sostemento do colexio público do seu lugar de orixe³⁰. Semellantes dinámicas se rexistran na fundación doutras entidades, onde un ou varios notábeis axuntaban ós procedentes dunha freguesía ou concello e prestaban o local do seu establecemento como sede provisional³¹.

A partires dese ano multiplicóuse o número de asociacións microterritoriais en Bos Aires. Os diversos testemuños elevan o número de sociedades de instrucción galegas na capital federal de 12 en 1907 a 42-50 en 1913, 98 en 1916 e 146 (157 en toda Arxentina) en 1926³². Podemos afirmar polo de agora que existiu un total de 124 sociedades de naturais da provincia de Pontevedra, 51 da de Ourense, 56 da de Lugo e 117 da de A

³⁰ O relato sobre a fundación de *La Concordia* en memorando da sociedade *Juventud Progresiva Hijos de Fornelos e Anexos* de Bos Aires (fundada no 1920, pero sucesora de *La Concordia*) á corporación municipal de Salvaterra de Miño, Bos Aires, s.d. [ca. 1935], en [A]rquivo da [F]ederación de [S]ociedades [G]alegas de Bos Aires. Vid. tamén R. SESTELO, «Nuevas iniciativas. Los naturales de Fornelos», NG, n. 40, 14.8.1904, p. 2, e NG, n. 142, 5.8.1906, p. 2.

³¹ Por exemplo, a sociedade *Hijos de Vincios Unidos* naceu en agosto de 1916 dunha convocatoria na leitería propiedade de Casimiro Valverde na rúa Rivadavia 711; e as primeiras xuntanzas para a constitución da sociedade agraria e cultural *Hijos del Partido de Corcubión* (1922) tiveron como epicentro as casas de catro comerciantes naturais de Muxía: os irmáns Posse e os irmáns Lino e Manuel Baliña, propietarios de almacéns de comestíbeis. Vid. «27.º aniversario de la Sociedad Hijos de Vincios Unidos», *Miñor*, n. 20 (1943), p. 8, e C.M. INSUA, «Algo de la historia nuestra», *Alborada*, 1 (agosto 1925), 3-4.

³² Datos en NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, 90-91, e *Teo*, n.70, 15.2.1916, 5-6.

Coruña. É dicir, unha cifra global de 348 sociedades de instrucción entre 1904 e 1936, que abranguían case o 50% dos municipios galegos nese período. O seu ámbito territorial de actuación ofrece a seguinte distribución (cadro 1).

CADRO I
Ámbito territorial de actuación das sociedades galegas de Bos Aires, 1904-36

Provincia	A, L	P	2 ou + P	C	2 ou + C	PX	Prov	Total
A Coruña	1	37	7	59	2	10	1	117
Lugo	1	5	-	34	6	6	4	56
Ourense	-	14	-	25	4	5	3	51
Pontevedra	1	41	6	59	10	6	1	124
GALICIA	3	97	13	177	28	27	9	348
Porcentaxe	0,86	27,87	3,73	50,86	8,04	7,75	2,58	100

(A, L: Aldea, Lugar; P: Parroquia; C: Concello; PX: Partido xudicial; Pr: provincia). *Fonte:* Elabora propia.

O ritmo de fundación de sociedades microterritoriais en Bos Aires é crecente entre 1906 e 1920, mais acaba un máximo na primeira metade dos anos 20 e descende na súa segunda metade, para se estabilizar nunha frecuencia inferior nos anos 30.

De agruparmos os ámbitos territoriais en razón á unidade xeográfico-administrativa adoptada como base de actuación, e considerarmos que tanto as sociedades de partido xudicial como as de dous ou máis concellos poden encadrarse baixo a denominación de entidades comarcais, teremos que un 31,6% das entidades tomaba como base a parroquia, un 50,86% o concello e un 15,79% a bisbarra, mentres só un 2,58% a provincia. Non existen grandes variacións na distribución territorial entre as tres provincias costeiras galegas, mentres no caso de Ourense é moito menor a proporción de sociedades que tomaron a freguesía como base de organización e maior a das que tiñan como tal a bisbarra.

O mapa de distribución de sociedades de instrucción arxentinas en Galicia reflicte de xeito bastante axustado, aínda que non mimético, as preferencias de destino dos emigrantes galegos no primeiro terzo deste século. Os naturais das provincias coruñesa e luguesa –e en parte os do Norte da provincia de Pontevedra e do Noroeste da ourensá–, tendían a emigrar con máis preferencia cara a Cuba. Pola contra, os ourensáns e sobre todo os pontevedreses emigran con preferencia cara ó Río da Prata, onde nembargante os coruñeses non deixan de estar ben representados, pero descende considerabelmente a porcentaxe de sociedades microterritoriais luguesas³³. Son as terras do Deza e Trasdeza,

³³ De feito, as provincias litorais de A Coruña e Pontevedra fornecían a maioría dos inmigrantes galegos na Arxentina, se ben a porcentaxe de lugueses e ourensáns foi aumentando dende o escaso 4% de 1855 ó 15% de 1900-10 e mais ó 47% de 1930. Vid. B. SÁNCHEZ ALONSO, *La inmigración española en Argentina. Siglos XIX y XX*, Colombres, 1992, 88-91.

os concellos do Suroeste da provincia coruñesa e o Barbanza, o Salnés e sobre todo o Baixo Miño os que presentan unha maior densidade societaria, ademais da zona do Ribeiro.

3. AS REGUEIFAS DE ALÉN MAR: ELITES E CONFLICTOS

¿Por qué nuns casos se formaban sociedades parroquiais, noutros casos comarcais, e noutros municipais? Non sempre existe unha correlación directa entre existencia dun continxente nutrido dabondo de naturais dunha freguesía ou dun concello para a constitución dunha asociación parroquial ou municipal. Nin moito menos se rexistra unha correspondencia exacta entre a dimensión relativa da *parroquia de Galicia* e a existencia en América dunha asociación que adoptase como base de organización ese ámbito territorial. Bisbarras de alta emigración cara a Bos Aires non presentan grande densidade asociativa no período aquí considerado. Por iso, resulta pouco operativo o establecer correlacións automáticas baseadas unicamente na avaliación do número de emigrantes existente nun punto de destino para presupór o nacemento de formas asociativas³⁴. Certamente, o número concreto de emigrantes que residise nunha mesma cidade ou nun mesmo bairro era un factor moi condicionante á hora de permitir que á súa vez se formase ou non unha asociación en cada un deses niveis. Non sempre era factíbel constituír unha entidade de ámbito parroquial ou mesmo municipal, por falla de efectivos, e polo tanto só cabía a solución de ingresar nunha sociedade de ámbito supraparroquial ou comarcal. Mesmo, observadores da época supuñan que o proceso de agrupación territorial dos emigrantes galegos e asturianos nas sociedades de instrucción seguía unha lóxica ascendente: consonte os primeiros obxectivos de índole local se cumprían, plantexaríanse fins de ámbito municipal e despois comarcal, agrupándose sucesivamente os naturais de aldeas, concellos e bisbarras³⁵.

Na nosa opinión, este proceso non sempre seguía unha periodización tan nidia. Requiríase un *catalizador*, polo xeral unha elite que asumise un rol dirixente. E segundo as preferencias, opcións e divisións internas desa elite as asociacións podían asumir un ou outro ámbito territorial. A presenza de sociedades de ámbitos territoriais diferentes, coexistentes e mesmo rivais tiña moito que ver con dous factores:

1) A existencia de *notábeis*, de emigrantes de certa posición económica que apadrinasen a fundación de asociacións e/ou de activistas políticos, intelectuais e

³⁴ Algo que tamén percibían os observadores contemporáneos: así, o escritor valdeorrés Roxelio Rodríguez Díaz Gabada no 1935 ós emigrados de Guitiriz e Parga por teren demostrado espírito asociativo na Arxentina, mentres os naturais das bisbarras do Bolo ou de Valdeorras, que afirmaba constituían certo número en Bos Aires, eran «más refractarios a la solidaridad y ayuda mutua entre sus naturales emigrados». Vid. «Raza de Valientes», *Revista del Centro del Ayto. de Guitiriz, Villa de Parga y su Comarca*, 1 (xullo 1935), 8-9.

³⁵ Vid. B. CASTRILLO SAGREDO, *El aporte de los indianos a la Instrucción Pública en España. Otras formas da protección a la beneficencia e al progreso*, Oviedo, 1926, p. 13.

xornalistas interesados tamén na promoción do asociacionismo e que tendían a facer valer un ámbito territorial de actuación acorde cos seus intereses e obxectivos. Certo é que ás veces ese marco territorial de referencia se podía corresponder con fidelidades ou ámbitos de interacción social trasplantados do país de orixe.³⁶ Mais na maioría dos casos, na nosa opinión, a escolla non sempre reflectía marcos de sociabilidade reproducidos mimeticamente na Arxentina³⁷.

2) As dinámicas sociais e políticas existentes nos seus lugares de orixe, que así mesmo condicionaban en intres concretos a formación de entidades en América seguindo as directrices asociativas imperantes en Galicia. O nivel de artellamento relativo da sociedade civil no medio rural galego tamén coñecía un paralelo alén mar, e viceversa. É máis, hai varios casos de sociedades microterritoriais en Bos Aires que, ó igual que na Habana, se constituíron como reflexo da formación de sociedades agrarias, faccións políticas ou mobilizacións circunstanciais arredor dun “bando” local ou un periódico anticaciquil nos seus lugares de orixe³⁸.

36 Un exemplo pode ser a constitución no 1909 da sociedade *Pro-Escuelas en Bandeira*, que adopta unha denominación parroquial mais que, en realidade, aglutinou a naturais das freguesías de Moalde, Chapa, Santirso, Lamela e Cervaña, pertencentes en teoría ó concello de Silleda, do que xa existía unha sociedade de ámbito municipal en Bos Aires dende 1908. Porén, o feito de o lugar de Bandeira (parroquia de Santirso de Manduas) corresponder a un núcleo villego de certa importancia situado ó pé da estrada Santiago-Ourense fai que arredor del xire a vida social de varias freguesías, o que logo se reproduciu na Arxentina. Ora ben, poida que os intereses dos iniciadores (os socialistas José M. López, o impresor Rudesindo López, ou Ramón Otero, concesionario dos bares da Armada argentina, entre outros) non fosen alleos á elección da demarcación. Vid. as actas de iniciación (11.3.1909) e de fundación (20.3.1909) en *Libro de Iniciación y Asambleas Generales* da sociedade *Pro-Escuelas en Bandeira* (Arquivo particular de D^a Dinora Drömmmer-Fernández, Bos Aires).

37 Un bó caso foi o das desavizas entre o núcleo iniciador da sociedade de Corcubión verbo do ámbito de referencia territorial da entidade en 1922. Nun comezo, a sociedade adoptou o nome de Muxía e Cee, de onde eran os seus iniciadores; ó concorreren socios doutros concellos limítrofes (Dumbría, Vimianzo, Fisterra, Zas), producíronse as primeiras divisións: o nacionalista Casto M. Insua defendeu a ampliación do radio de acción ó partido xudicial de Corcubión, mentres A. Balboa pretendía ficar como sociedade de Muxía e Cee, ou ben fundar sociedades por concello que despois artellarían unha federación comarcal; e o industrial José Oreiro Posse e outros notábeis preferiron esgazar e fundar unha sociedade dos naturais de Muxía. Oreiro e algúns máis acabaron por fundar no 1923 unha sociedade de residentes do distrito de Muxía, que ó longo dos anos 20 se enfrontará abertamente ó labor da sociedade de Corcubión, entre outras razóns porque parte dos emigrantes naturais de Muxía se afiliaban á sociedade comarcal no canto de á local. Máis tarde, outro núcleo comandado por Insua esgazou para fundar unha sociedade de ámbito municipal fisterrán (*Finisterre en América*). Vid. CG, n. 878, 4.2.1923, p.4; *Alborada*, 1 (agosto 1925), 2 (setembro 1925), 14 (setembro 1926) e 19 (febreiro 1927).

38 Pódense citar varios exemplos. A creación da sociedade *Hijos de Silleda* en 1908 foi practicamente paralela á constitución da sociedade de agricultores do concello de Silleda e ó envío e publicación do seu regulamento no periódico *Nova Galicia* de Bos Aires, onde se estipulaba (§21) que, de os emigrantes silledanos se asociaren e lle prestaren alento moral e material, aquéla ampliaría as súas funcións ó eido do ensino e do crédito cooperativo. Un núcleo de naturais de Silleda en Bos Aires xa fundara a sociedade, con fins de instrucción. Ó pouco tempo, esta derradeira estableceu un acordo de reciprocidade coa sociedade de agricultores de Silleda, segundo o cal os socios desta que emigrasen á Arxentina ingresarían automaticamente en *Hijos de Silleda*, e os membros desta que retornasen a Galicia se asociarían á sociedade agraria. Pola súa banda, a *Sociedad Agraria y Oficios Varios de Moraña* en Bos Aires constitúfese en 1918 á calor do xurdimento dun forte bando anticaciquil en Moraña (Pontevedra) secundado polos agraristas e mais a sociedade de Oficios Varios, que demandaron axuda ós seus

Xa que logo, o asociacionismo microterritorial galego era algo máis que unha reprodución mimética de elos e vencellos comunitarios de orixe, como adoito se afirma sen maior reflexión. Tratábase tamén dunha *recreación* do espacio social, na que se mesuraba a lembranza do lugar de orixe coa construción dunha nova identidade, superposta ou adxacente a outras esferas de identidade. Nembargante, mesmo esa recreación do espacio social –en sociedades que agrupaban a varias parroquias, ou ben ós naturais dun concello ou dunha bisbarra– había ter en conta as identidades de orixe, e non eliminaba as fidelidades comunitarias de base parroquial³⁹. Con iso conseguíase tamén dotar á entidade dunha lexitimidade comunitaria adicional –o que a facía sumamente semellante en moitos aspectos ás sociedades agrarias que eran adoito os seus equivalentes paralelos en Galicia. Coa diferenza de que, na América, o marco de interacción social ó longo do tempo sufría cambios irreversíbeis na percepción de boa parte dos emigrantes. O contacto coa sociedade receptora, así como con galegos doutras zonas e do resto de inmigrantes españois, afacía a súa mentalidade e insería unha escala de identidades superpostas suxeitas a códigos situacionais. Con todo, a fidelidade ós espacios de interacción social máis inmediatos de orixe non desaparecía mesmo nas sociedades de ámbito territorial municipal ou comarcal, nas que as disputas eran frecuentes, superpóndose rivalidades locais ós problemas internos de xestión e de administración, ou de definición político-social. Fenómeno, polo demais, inevitábel nas asociacións voluntarias de base étnica, nas que a apelación á solidariedade comunitaria non pode evitar círculos concéntricos de identificación local⁴⁰. Deste xeito, se nuns casos eran rivalidades locais trasplantadas dende Galicia, noutros tratábase da división entre os socios que preferían antepór os fins de instrución e intervención en Galicia ós de recreo e mutualidade, e os que preferían converter ás sociedades en meros clubs recreativos e mutualistas. Iso traducía ás veces a disparidade de intereses entre unha elite dirixente, que prefería practicar a filantropía no lugar de orixe como estratexia de consolidación do seu prestixio social, e mais os sectores máis “populares”, interesados diante todo en fins inmediatos de protección e recreo. Así aconteceu en 1909, ó se producir unha escisión da sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires (constituída en 1908 a partires do comité inicial de 1904 para construír un Hospital en Lalín). Os arredados adoptaron o nome de *Asociación*

conveciños emigrados. E o Centro de Protección Agrícola (CPA) de Salceda de Caselas fundouse no 1913 como correlato das campañas dos agraristas de Salceda, e como reacción ás eivas que sufría o promotor do periódico anticacquiil local *El Despertar*, o farmacéutico J. Fernández Sestelo. Vid. NG, n. 293, 27.6.1908, p.2, e n. 299, 8.8.1908, p.1; acta da asamblea do 15.8.1909, *Libro de Actas* da sociedade *Hijos de Silleda* ([A]rquivo do [C]entro [L]alín de Bos Aires); [E]l [D]espertar [G]allego, n.144, 7.4.1929, p. 5, e CG, n.722, 21.3.1920, p.3); discurso do presidente do CPA (manuscrito), 11.1.1914 ([A]rquivo da [C]asa [T]ui-[S]alceda, Bos Aires).

³⁹ Así, contra 1917-18 o presidente do CPA de Salceda de Caselas víase obrigado a lembrar que na Comisión Directiva habían figurar representantes de cada unha das sete freguesías do concello de Salceda, sempre e cando fosen competentes, e recriminaba o feito de os naturais de cada parroquia apoiaren só ó seu directivo (Texto manuscrito dun discurso do presidente da entidade, s.d. [ca. 1917-18], ACTS).

⁴⁰ Vid. as observacións de M. HECHTER, D. FRIEDMAN, e M. APPELBAUM, «A Theory of Ethnic Collective Action», *International Migration Review*, 16:2 (1982), 412-32.

Hijos del Partido de Lalín (Protección), con fins exclusivamente de recreo e mutualidade. Un promotor desta derradeira afirmaba que «los artesanos queremos lo más práctico, rápido e indispensable ó sea la protección, el socorro y el trato íntimo entre los naturales de Lalín en América», mentres os interesados en dotar dun Hospital a Lalín serían aqueles que «se creen ya más arriba del artesano y cortejan la autocracia, por compromisos o conveniencias»⁴¹.

Non obstante, este xénero de disputas, que no caso asturiano en Cuba levou a numerosas escisións dentro das sociedades dun mesmo concello, non sempre son atribuíveis a esa única causa. Podemos supór que isto foi así porque a retórica anticaciquil da grande maioría das sociedades galegas, o seu vencellamento co movemento societario campesiño que se desenvolvía de xeito paralelo, cando non interrelacionado, na mesma Galicia, e mais a apelación á instrucción como vehículo de rexeneración social e política permitía crear un consenso en canto ós fins teóricos das sociedades, cementado nunha maior solidariedade comunitaria. Neste senso, as entidades galaicas mantiveron un carácter plurifuncional máis acusado cás asturianas, tanto en Cuba coma en Bos Aires, para contentar a uns e outros. A invocación dos fins de instrucción permitía satisfacer o deveso dos sectores máis acomodados por exercer a beneficencia, lexitimar o seu ascenso social perante a comunidade de orixe e termar de que a cualificación dos novos inmigrantes fose o máis alta posíbel (evitando que fosen alvo de desprezos e burlas por parte da sociedade arxentina, o que desprestixiaba o conxunto da colectividade galaica); e ó mesmo tempo correspondíase cos intereses de empregados e obreiros manuais e non manuais, para quen investir en instrucción no seu lugar de orixe supuña tamén unha aposta polo ascenso social das súas familias e ó mesmo tempo un recoñecemento do que a falla de instrucción supuxo de atranco na súa inserción sociolaboral na Arxentina. Tanto é así, que contra a terceira década do século acontecía en varias sociedades o fenómeno contrario: que eran os sectores máis populares os máis interesados nos fins de instrucción⁴².

41 J. COTAVÁ, «Hijos del Partido de Lalín», NG, n. 299, 8.8.1909, 2-3. Unha desavianza semellante dentro da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Coirós* (fundada no 1906) rematou cun acordo salomónico, logo de o directivo Manuel Vara con 19 consocios insistir en incluír entre os fins da entidade a instrucción: os fondos da sociedade destinaríanse á construción dunha escola en Coirós, mais tamén se destinarían a custos de repatriación e á celebración esporádica de veladas sociais e festivas (Acta da asemblea xeral do 11.7.1910, en *Libro de Actas de Asambleas Generales (1906-1933)* da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Coirós* ([A]rquivo da sociedade [H]ijos del [A]yuntamiento de [C]oirós, Bos Aires). Acordos semellantes de distribución paritaria de fondos entre instrucción, protección mutua e recreo se adaptaron noutras entidades, por exemplo na sociedade *Nativos del Ayuntamiento de Cambados* (fundada no 1925): vid. Acta da asemblea xeral do 2.7.1925, *Libro de actas* da sociedade *Nativos del Ayuntamiento de Cambados (1925-1932)*, AFSG.

42 Neste senso, a sociedade *Cultural de El Pino* víase obrigada no 1926 a apelar especialmente ós comerciantes para que se afiliasen á entidade, pois «los vecinos humildes, los hombres de El Pino que en la emigración vivimos de un jornal –siempre reducido– entregamos con cariño nuestra cuota mensual, porque sabemos que va destinada a realizar una obra meritoria para los niños de la tierra que nos vio nacer». Vid. EDG, n. 86, 14.10.1926, p. 5.

A relevancia das disensións artelladas arredor de núcleos de interacción social reducidos manifestábase sobre todo á hora de repartir recursos en forma de iniciativas benéficas en Galicia. Adoito acontecía que os procedentes dunha parroquia concreta constituían a maioría dos fundadores dunha sociedade de ámbito municipal ou comarcal, polo que era preciso establecer despois en qué freguesía ou lugar se investían os fondos sociais. Iso daba lugar a numerosas desputas, xa que de non haber acordo o núcleo parroquial máis forte podía esgazar e fundar unha sociedade de ámbito territorial inferior. Endalí que dentro das sociedades de proxección municipal ou comarcal se termase coidadosamente de que cada parroquia tivese un representante na directiva. Cando unha entidade de ámbito parroquial deviña de ámbito municipal por causa da incorporación de novos núcleos menos numerosos procedentes doutras freguesías, a primeira escola ou o primeiro investimento de importancia sempre había efectuarse na parroquia da que procedese a maioría dos socios, o que se impuña a pesares da grandilocuencia dos manifestos. Así aconteceu no caso da *Sociedad del Ayuntamiento de Trasparga*, que botara a andar en 1924 como sociedade parroquial *Hijos de San Bréjome* e mudou o seu radio de acción e denominación en 1925, logo de incorporar residentes das parroquias de Parga e Santa Leocadia. Termo do acordo foi que a primeira escola proxectada se constrúe en San Bréxome. Igualmente, a unanimidade en torno ó proxecto de construír unha escola en Coirós dentro dos diversos núcleos parroquiais integrantes da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Coirós* só se conquistou en 1915, cando se escolleu un lugar para a súa erección que fose equidistante de todas as freguesías. Na sociedade *Residentes del Ayuntamiento de Mos*, fundada no 1918, fracasou o acordo inicial de erixir a primeira escola nun punto central do concello e equidistante de todas as freguesías e só se accedeu pola asemblea a fundar a primeira escola en 1924, sempre e cando aquela se erguese no linde entre as parroquias de Tameiga e Petelos –que fornecían a maioría dos socios⁴³. Algunhas entidades, coma *Hijos del Partido de Negreira* (1925), chegaron ó extremo de asegurar a distribución do capital social en partes equivalentes ó número de cotizantes de cada concello e freguesía de orixe, para así os socios de cada concello poderen dispór de cada parte cando o coidasen comenente⁴⁴. Mais se as desputas interparroquiais non xurdían en América, podían agromar entre as delegacións en Galicia no intre de repartir os recursos remesados dende Bos Aires, mesmo ó nivel intraparroquial, xurdindo tensións entre os naturais de diferentes aldeas, sobre todo á hora de ubicar o centro social a ser financiado polos “americanos”⁴⁵.

43 Acta da asemblea xeral do 28.11.1915, en *Libro de Actas de Asambleas Generales (1906-1933)* da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Coirós*, AHAC; J.O. OTERO LAGO, «Los Mosenses en la Argentina (en la primera mitad de siglo)», en Asociación Residentes de Mos, *Revista Memoria 1993 75º Aniversario*, Bos Aires 1993, 25-28.

44 EDG, n. 150, 7.7.1929, p. 5.

45 Tal foi o caso no seo da sociedade cooperativa agraria *La Progresiva* de San Salvador de Budiño (O Porriño), na que se discutiu de vagar nos anos 30 verbo do lugar no que se fundaría a casa social financiada pola entidade *Hijos de San Salvador de Budiño* en Bos Aires. Vid. NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, 100-101.

Algúns observadores contemporáneos laiaban xa dende a primeira década do século o fenómeno da dispersión asociativa e organizativa das colectividades galaicas, e atribuíña aquéla a causas tópicas, coma o individualismo ou o espírito particularista característico dos galegos. Mais, atinadamente, tamén sinalaban como causa o anxeio de «predominio personal y de mando», cando non as «grandes vanidades» que se agacharían «tras esas pequenas sociedades en que se divide y extenúa nuestra colectividad»⁴⁶. Alí onde houberse líderes en potencia, fosen comerciantes de certo éxito ou intelectuais, periodistas ou profesionais, existían maiores probabilidades de que se fundase unha sociedade de recreo de ámbito microterritorial. O que non excluía que varios deles ó mesmo tempo fomentasen a constitución dunha grande institución mutualista a un nivel territorial superior, fose comarcal, galego ou español, formando parte de directivas en cada un destes tres niveis, ó mesmo tempo ou consecutivamente –xa que, ademais, non era inusual que os emigrantes pertencesen a varias sociedades microterritoriais ó mesmo tempo.

A cohesión comunitaria das entidades microterritoriais mantívose nun nivel moi apreciábel ó longo do primeiro terzo deste século. Mais na maioría dos casos existían predomínios internos de marcos comunitarios inferiores. Así, o *Centro de Protección Agrícola* (CPA) de Salceda de Caselas, fundado no 1913, tiña no 1914 121 socios, dos cales o 95% nacera nalgunha das sete freguesías do concello de Salceda. Mais o predominio de dúas parroquias sobre as outras cinco era abrumador: os naturais da freguesía de Salceda totalizaban 48 (39,6%), e os da parroquia de Entenza 58 (47,9%), distribuíndose o resto dos socios entre 8 freguesías (tanto de Salceda como de concellos adxacentes)⁴⁷. Dos 25 socios fundadores de Residentes de Mos no 1918, o 48% procedía de Tameiga e o 24% de Petelos, sobre 10 parroquias coas que conta aquel concello; ese predominio mantívose nos anos seguintes, de xeito que no 1920 de 205 socios o 29,7% procedía de Tameiga e o 23,9% de Petelos, e no 1933, de 261 socios, o 27,2% procedía de Tameiga e o 17,2% de Petelos, así como o 13,4% de Sanguñeda (57,8% do total de socios)⁴⁸. Dos 589 socios activos da Unión Progresista de Salvaterra de Miño no 1923, o 90,5% procedía dalgunha das 12 freguesías do concello de Salvaterra, e entre estas salientaban particularmente tres (Salvaterra, co 18,5% dos socios; Oleiros, co 17,4%, e Arantei, co 11,5%), manténdose a proporción de xeito aproximado no 1931 (27,4%, 16,1% e 14,1%, respectivamente, sobre 310 socios nese ano)⁴⁹. Os 35 socios fundadores

⁴⁶ Vid. por exemplo «Las sociedades gallegas (I). Lamentable profusión», EEG, n. 541, 30.10.1906, 5-6; F. MARTÍNEZ SANTRADÁN, «Las sociedades gallegas en Buenos Aires», *Almanaque Gallego para 1907*, Bos Aires, 1907, 65-69; «En la colectividad gallega. El mal de la vanidad», CG, n. 704, 16.11.1924, p. 2.

⁴⁷ Elabora propia en base ó Libro de Rexistro de Socios (1914-24) do CPA de Salceda de Caselas (ACTS).

⁴⁸ Vid. OTERO LAGO, art. cit., p. 26; SOCIEDAD PROTECCIÓN HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE MOS, *Memoria del segundo ejercicio, 1º Mayo de 1919 a 30 Abril de 1920*, Bos Aires, 1920, 10-11; ID., *Memoria del XV Ejercicio, 1º de Mayo de 1932 a 30 de Abril de 1933*, Bos Aires, 1933, 10-11.

⁴⁹ Elabora propia a partires dos listados contidos en SOCIEDAD UNIÓN PROGRESISTA DEL DISTRITO DE SALVATIERRA DE MIÑO, *Memoria y Balance General correspondiente al 2º Ejercicio 1922-1923*, Bos Aires, 1923, e ID., *Memoria y Balance General correspondiente al ejercicio 1929-1931*, Bos Aires, 1931.

da sociedade *Hijos del Partido de Lalín* proviñan na súa inmensa maioría (85,7%) do concello de Lalín; igualmente, coñecemos o concello de orixe de 306 dos 408 socios que ingresaron entre a súa fundación (setembro 1908) e maio de 1912, que dan o seguinte elenco: concello de Lalín, 213 (69,6%), Agolada 30 (9,8%), resto da provincia pontevedresa 17 (5,5%), resto de Galicia 8 (2,6%), Arxentina 16 (5,22%), e outros 8 (2,6%). A cohesión comunitaria, en principio, estaba fóra de dúbida, e se mantivo nos anos sucesivos, coa sóa salvidade do lixeiro incremento do número de arxentinos, por mor da incorporación de fillos de socios: no 1918, de 197 socios con datos de lugar de nacemento da mesma entidade, o 60,4% proviña do concello de Lalín, o 4,5% do de Carbia (Vila de Cruces), o 7% de Agolada, o 0,5% de Rodeiro e o 2,5% de Dozón (é dicir, un 74,7% proviña do partido xudicial de Lalín), mentres un 11,6% proviña do resto de Galicia, un 4% de España, un 9% de arxentinos, e un anecdótico 0,5% de italianos. Entre os orixinaarios do concello de Lalín, a penas había un lixeiro predominio de naturais da vila de Lalín (14,2% dos mesmos), e das freguesías de Soutolongo (12,6%) e de San Lourenzo (9,24%).

As escisións e divisións por causas político-ideolóxicas tamén se superpuñan a rivalidades entre núcleos de socios de diferentes freguesías. Un bó exemplo ofréceno, unha vez máis, os lalineses, e en concreto a sociedade *Unión del Partido de Lalín*, fundada no 1921 (esgazada de *Hijos del Partido de Lalín* e aliñada con orientacións socialistas, patentes no seu líder, o xastre Jesús Blanco). Dos 242 socios que ingresaron na entidade entre febreiro de 1921 e xaneiro de 1925, o 58,5% (141) procedía de catro freguesías lalinesas, que ata entón a penas estiveran representadas significativamente en *Hijos del Partido de Lalín*: Cristimil (63, o 26%), Gresande (36, o 14,8%), Donsión (21, o 8,6%), e Prado (21, o 8,6%); distribuíndose o resto en pequenas cantidades entre o resto das freguesías do concello de Lalín e mais os concellos limítrofes⁵⁰.

Ora ben, ¿cál era a composición social das sociedades de instrución? De acordo cos datos que ata o de agora están á nosa disposición, podemos ofrecer o cadro 2.

Algunhas das designacións socioprofesionais consignadas nos libros de rexistro de socios son cando menos de dubidosa adscripción, como adoita acontecer con este tipo de fontes, polo que cómpre xogar cunha certa marxe de erro. En todo caso, podemos apreciar claramente que a clientela maioritaria nas asociacións galegas microterritoriais estaba composta de empregados e dependentes de comercio, seguidos de comerciantes e obreiros manuais cualificados e sen cualificación. Porén, hai matices máis que importantes entre as diversas institucións. Dunha banda, tanto o Centro Renovación coma a UP de Covelo son entidades cun claro e activo compromiso político en prol dos seus lugares de orixe, ós que enviaban fondos con regularidade para empresas políticas relacionadas co agrarismo local de tendencia esquerdistista, polo que a súa oferta de servizos

⁵⁰ Elabourada propia a partir dos libros de rexistros de socios das sociedades *Hijos del Partido de Lalín* (1908-1912 e 1918) e *Unión del Partido de Lalín* (1921-1925). ACL. Non é de estrañar que a primeira escola inaugurada pola *Unión del Partido de Lalín* en Galicia o fose na freguesía de Gresande (novembro de 1922), e a segunda en Prado (decembro 1925).

mutualistas e recreativos era menor. Doutra banda, Residentes de Mos era unha entidade con fins de instrucción, pero cunha mensaxe máis populista e integradora en base ó vencello de identidade comunitaria, e xa que logo máis apolítica na praxe cás dúas anteriores, cunha oferta máis extensa de cobertura mutualista e oferta recreativa. Finalmente, o Círculo Social Valle Miñor era unha sociedade fundamentalmente recreativa. Apréciase claramente que a porcentaxe de obreiros manuais, con cualificación ou sen ela, e empregados/as do servizo doméstico é maior na sociedade de Mos (46,2%) que nas demais, mentres os empregados só nesta derradeira descenden por baixo do 20%; pola contra, os pequenos comerciantes fornecen case un terzo dos socios da entidade valmiñorana, ós que se unía unha apreciable porcentaxe de sectores acomodados e medio-altos (12,4%), bastante superior ó das outras entidades (só na de Mos acada un 8,6%).

CADRO 2

Composición socioprofesional de catro sociedades microterritoriais de Bos Aires, 1918-1944

Grupo profesional	Centro Renovación Pónteareas (1935-39)	Unión Progr. Distrito de Covelo (1926-44)	Círculo Social Valle Miñor (1942-44)	Residentes de Mos (1918-41)
Rendistas, industriais e propietarios	3,6 %	0,64 %	4,14 %	3%
Pequenos industriais, propietarios de establectos. artesanais	2,7 %	0,64 %	7,25 %	3 %
Profesións liberais	-	0,64 %	1,03 %	2,63 %
Comerciantes	18 %	10,96 %	32,6 %	24,43 %
Funcionarios, mestres	1,8 %	1,29 %	-	-
Empregados do comercio e servizos	57,65 %	53,5 %	30,05 %	19,17 %
Obreiros manuais, sen cualificación, "mozos", xornaleiros	2,7 %	10,32 %	3,62 %	22,18 %
Obreiros cualificados, non manuais, de oficio	7,2 %	7,09 %	14,5 %	13,9 %
Servizo doméstico	4,5 %	9,03 %	-	10,15 %
Xubilados	-	1,29 %	1,03 %	-
Estudantes	-	1,93 %	5,69 %	1,5 %
Outros	1,8 %	2,58 %	-	-
Total numérico da mostra	111 (100%)	155 (100%)	193 (100%)	266 (100%)

Fonte: Elaborada propia a partir de Libro de Rexistro de Socios do Centro Renovación de Pónteareas (AFSG); fichas de solicitude de ingreso e Libro de Rexistro de Socios da UP do Distrito de Covelo (AFSG); fichas de solicitude de ingreso do Círculo Valle Miñor (Arquivo do Centro Val Miñor, Bos Aires); Libro de Rexistro de Socios da sociedade Residentes de Mos (Arquivo da sociedade Residentes de Mos, Bos Aires). No caso de Pónteareas contabilizáronse só os socios (111 sobre 200) que teñen datos de profesión consignados, ó igual que no do Val Miñor. *Agradecemos a Afonso Vázquez-Monxardín a axuda prestada a pé de obra.*

Caben algunhas hipóteses, sequera parciais –e tendo en conta que a mostra é limitada– á luz destes datos. En primeiro lugar, confirmábase que os obreiros manuais e non cualificados tendían a asociarse pouco en asociacións voluntarias, mutualistas ou étnicas⁵¹; mais, de o faceren, buscaban aquelas que combinaban oferta mutualista-recreativa con algún tipo de compromiso de investimento de recursos en Galicia (sociedade de Mos). En troques, as sociedades de esquerda militante das que o obxectivo era sobre todo a “rexeneración” política dos seus concellos de orixe atraían máis ben a empregados, comerciantes e, en menor medida, obreiros e empregados do servizo doméstico. Poderíase, daquela, pensar que os obreiros galegos preferían entrar en sindicatos ou en asociacións con ampla oferta recreativo-asistencial, e que o compromiso coa instrucción e coa mobilización política nos seus lugares de orixe só adquiría importancia unha vez que as necesidades “primarias” foron cubertas, ou cando logo dalgúns anos se conseguira un certo ascenso social. Os socios da UP do Covelo mostran un perfil intermedio, no que aínda hai un 26,4% de obreiros e *mucamas*, unha porcentaxe ampla de empregados e unha máis reducida de comerciantes, rendistas ou industriais. Pola contra, no Círculo Social Valle Miñor encontrámonos cun perfil social mesocrático, no que –tendo en conta que se trata dos anos 40– figuran xa estudantes (fillos de emigrantes), e onde non aparecen a penas os banzos inferiores da escala social (obreiros manuais e *mucamas*), mentres os sectores medios están lixeiramente infrarrepresentados e os medio-altos están sobrerrepresentados, como corresponde a unha sociedade que xa non ofrecía servizos mutualistas. Cómpre lembrar un segundo factor: a clara importancia dos elos de paisanaxe á hora de condicionar o ingreso de novos membros nestas sociedades. Moitos dos empregados e obreiros da entidade valmiñorana o son en negocios ou establecementos propiedade de conveciños, segundo amosan os datos cruzados do rexistro de socios, e ingresan levados polo patrón. O mesmo se pode afirmar dos de Mos. Iso nos leva tamén a ter en conta a forza de atracción das redes sociais informais, despois cristalizadas nunha rede social formal (asociativa)⁵².

Dúas cualidades eran precisas, sobre todo, para se converter en dirixente societario. En primeiro lugar, unha posición económica acomodada que permitise dispór de tempo e diñeiro, o que mesmo posibilitaba que algunos fuesen socios e mesmo directivos de varias asociacións como xeito de ampliar o seu capital relacional, unha vez que se estableceran por conta propia. En segundo lugar, un certo “prestixio” e *respectabilidade* derivadas tanto da propia posición económica adquirida dentro da sociedade

51 MOYA, *Cousins and Strangers*, p. 288, constata o mesmo para a AESM no 1895: se o 35% dos inmigrantes españois en Bos Aires nese ano serían traballadores non cualificados, a porcentaxe desta categoría entre os socios da AESM non chegaría ó 26%. Semellante fenómeno é sinalado pola literatura comparativa: vid. por exemplo M.A. CLAWSON, *Constructing Brotherhood: Class, Gender, and Fraternalism*, Princeton, N.J., 1989, 95-107.

52 O que tamén era característico doutras comunidades na Arxentina, por exemplo da dinamarquesa: vid. M. BJERG, «Sabiendo el camino o navegando en las dudas. Las redes sociales y las relaciones impersonales en la inmigración danesa en la Argentina, 1848-1930», en M. BJERG e H. OTERO (eds.), *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*, Tandil, 1995, 107-32.

receptora e da colectividade galaica (que constituía boa parte da súa clientela), como da posesión dunha certa formación e capacidades intelectuais –xornalistas, escritores, etc. Así mesmo, era importante desfrutar dun bo tecido de relacións privadas entre os coterreños, se tratase de elos xa existentes no lugar de orixe ou vencellos forxados na sociedade de destino. Podemos asegurar adiantar provisionalmente, a partires dos varios exemplos coñecidos, que nas directivas predominaban pequenos e medianos comerciantes, seguidos a distancia de empregados, artesáns e traballadores manuais cualificados⁵³. Iso debuxaría un perfil social comparativamente máis popular có das asociacións mutualistas de acado hispánico ou rexional⁵⁴. Nembargante, os datos existentes non parecen indicar que as sociedades de instrucción galegas desempeñasen un papel instrumental de domesticación do conflito social mediante o fomento da solidariedade étnica e o mutualismo, polo menos na medida en que si o cumpriron as sociedades italianas de Bos Aires para os intereses dos industriais e comerciantes que figuraban nas súas directivas⁵⁵.

¿Qué utilidade reportaba, daquela, presidir ou desempeñar postos directivos nunha sociedade de instrucción para os emigrados de éxito? Como xa apuntamos, podemos afirmar provisionalmente que os líderes de sociedades microterritoriais eran de extracción tendencialmente medio-alta ou pequeno-burguesa (pequenos industriais ou comerciantes con poucos empregados). Pola súa banda, os grandes nomes da colectividade, os conselleiros de bancos e propietarios ou accionistas de empresas importantes, concentrábanse preferentemente nas directivas das institucións de ámbito territorial galego (Centro Galego, Casa de Galicia) ou español (Asociación Española de Socorros Mutuos, Club Español), malia ás veces figuraren como iniciadores das entidades

⁵³ Así o amosan, por exemplo, a composición da xunta directiva da *Unión Provincial Orensana* nos anos 30, da Asociación Chantada y su Partido no 1928, de Residentes de Mos entre 1929 e 1940, do *Centro Ayuntamiento de Guitiriz, Villa de Parga y su Comarca* no 1934, ou da sociedade Residentes del *Partido Judicial de Órdenes* no mesmo período. Vid. o folleto *Unión Provincial Orensana 1913-1933*, Bos Aires, 1933; *Faro-Miño*, 52 (marzo 1928) e 58-59 (setembro-outubro 1928); diversas memorias de Residentes de Mos e libro de socios da entidade actualizado no 1941; *Revista del Centro del Ayto. de Guitiriz, Villa de Parga y su Comarca*, 1 (1935). Os datos de *Residentes del Partido Judicial de Órdenes* nos foron fornecidos polo seu actual presidente Benito Alberto García, en entrevista gravada en Bos Aires, 18.8.1998.

⁵⁴ A presenza de comerciantes e traballadores cualificados e non manuais nas sociedades mutualistas de ámbito hispánico, fronte á maior abundancia de profesións manuais e obreiros non cualificados nas asociacións italianas na Arxentina é sinalada por F. J. DEVOTO e A. E. FERNÁNDEZ, «Mutualismo étnico, liderazgo y participación política. Algunas hipótesis de trabajo», en D. ARMÚS (comp.), *Mundo urbano y cultura popular*, Bos Aires, 1990, 129-52. Para un contraste cos grupos dirixentes dunha entidade mutualista territorial, o Centro Galego de Avellaneda, vid. J. RUIBAL e D. BARROS, «Un palacio en la plaza: El Centro Gallego de Avellaneda, 1899-1919», *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, 5 (1989), 41-55.

⁵⁵ Vid. R. GANDOLFO, «Las sociedades italianas de socorros mutuos de Buenos Aires: Cuestiones de clase y etnia dentro de una comunidad de inmigrantes (1880-1920)», en F. J. DEVOTO e E. J. MÍGUEZ (comps.), *Asociacionismo, trabajo e identidad étnica. Los italianos en América Latina en una perspectiva comparada*, Bos Aires, 1992, 311-32. Neste aspecto, non obstante, cumprirá aprofundar con máis vagar, xa que as fontes impresas da colectividade galega adoitan silenciar escrupulosamente os conflitos sociais intraétnicos –o igual cás italianas.

microterritoriais. Os dirixentes de sociedades de instrucción adoitaban ser aqueles que non podían acceder a curto ou medio prazo ás directivas de grandes institucións⁵⁶. Na nosa opinión, os incentivos da elite dirixente das sociedades microterritoriais consistían sobre todo en fortalecer o capital simbólico dos directivos con vistas á súa participación na vida social arxentina e mais o acceso a posicións de poder dentro da propia comunidade inmigrante galega (e o conxunto da española)⁵⁷. Nalgúns casos, constátase a existencia de redes clientelares máis ou menos informais: o acceso dos asociados ás entidades a mellores servicios ou oportunidades laborais podía verse favorecido pola intermediación dos líderes societarios, quen axían neste senso de verdadeiros notábeis⁵⁸. Mais non menos importantes eran as perspectivas dun retorno temporal ou definitivo ó lugar de orixe, onde o ser copartícipe da xestión de entidades que desempeñaban un notábel labor benéfico-asistencial, educativo e/ou político contribuiría a realzar a súa posición e, dependendo das circunstancias, podería permitir un mellor acceso ás estruturas do poder local: como expresaba irónicamente J. Barrales no 1912, «denominarse secretario, vice-presidente, pro-tesorero o coadjutor de tal o cual agrupación, con propósitos máis ou menos bailables y altisonantes [...] viste muy bien, allá en el villorrio, causando la admiración del pedáneo»⁵⁹. De aí tamén as eivas durante décadas para constituír federacións estábeis de todas as sociedades microterritoriais galegas (todos os dirixentes degoxaban *mandar*), e mais a sobreabundancia de postos directivos e cerimoniais títulos dentro das entidades para contentar a todos. Presidir unha sociedade de instrucción reportaba ademais un inmediato recoñecemento no plano simbólico. Éste expresábase no recibimiento de diplomas e distincións de diverso tipo, tanto en América –a condición de socio fundador, que a filla ou muller dos directivos fosen nomeadas “madrinas” da asociación

56 Hai varias excepcións, correspondentes sobre todo á primeira etapa do Centro Galego (1907-14), cando aquél aínda non adquirira grandes dimensións. Dirixentes de sociedades de instrucción de importante posición económica, como F. Lorenzo Rico (sociedade de Mondoñedo) ou P. Campos Couceiro (sociedade de Forcarei) figuraron entre os fundadores do Centro Galego. Pero a partires de finais da segunda década do XX a situación muda substancialmente. Só coa vitoria en 1938 da lista pro-republicana encabezada polo lalinés X. Neira Vidal, anterior dirixente de *Hijos del Partido de Lalín*, os líderes de sociedades de instrucción acceden en proporción significativa á directiva do Centro Galego, se ben en varias candidaturas (como *A Terra*) viñan figurando estes últimos en proporción apreciable dende comezos dos anos 30. O mesmo Neira Vidal fora presidente no 1932.

57 Por exemplo, un ex-directivo da sociedade *Hijos del Distrito de Arbo* laiaba no 1932 que varios dirixentes se serviran da entidade para «prestigio personal y encumbrarse ante autoridades nacionales para su mejor acomodo. Vanidad, personalismo...» (F. MÁRQUEZ ESTÉVEZ, «Los hijos de Arbo. Contestando». *El Heraldo Gallego*, 15.5.1932, p.12).

58 Por exemplo, Manuel Areas Blanco, promotor da sociedade de Corcubión e subbibliotecario da Facultade de Ciencias Médicas da Universidade de Bos Aires, conqueira dende ese posto hospitalizacións para paisanos e consocios, e «igualmente procedía con aquellos nuestros coterráneos que carecían de empleo, ya dándoles recomendaciones o empleándolos directamente», segundo recoñecía *Alborada* co gallo do seu pasamento (n. 39, outubro 1928).

59 J. BARRALES, «Unión Gallega», *Boletín de la Unión Hispano-Americana Valle Miñor*, 32 (1912), 4-5. Xa no seu día sinalou R. K. MERTON (*Teoría y estructura sociales*[1949], México, 1970, 228-396) a importancia dos ámbitos de referencia sociais de orixe como patróns de comportamento simbólico e de comparanza dos individuos submetidos a procesos de mobilidade social e/ou contacto intercultural.

e raíñas das festas, ocupasen portadas de revistas, etc —coma en Galicia —ser nomeado fillo predilecto do concello, dar o propio nome a rúas ou establecementos escolares, e un longo etcétera⁶⁰.

Mais tamén contaban os intereses proselitistas dos líderes políticos. Tratábase polo xeral de activistas do republicanismo, do socialismo e do movemento operario arxentino ou do nacionalismo, todos eles fortemente influídos polo rexeneracionismo hispano-americanista de comezos de século, con status social medio ou medio-alto (empregados, pequenos comerciantes, profesionais liberais e, nomeadamente, xornalistas), e nunha boa porcentaxe exilados voluntarios da España da Restauración, que emigraron ó Prata a facer carreira profesional⁶¹. Os seus incentivos consistían sobre todo en utilizar o asociacionismo étnico como vehículo de mobilización política, conxuntado os seus esforzos coas elites económicas. En moitos casos foron estes líderes intelectuais os auténticos galvanizadores que contribuíron a formular e artellar os fins e dinámica de actuación das entidades, e que por esa vía tamén aspiraban ó liderado do conxunto da colectividade. Deste xeito, non é casual que na fundación da primeir sociedade galega de instrucción (*La Concordia*) participase un membro do directorio da LRE; ou que xornalistas, profesionais e comerciantes de orientación republicana estivesen nas orixes de moitas asociacións microterritoriais galegas. Como tamén o estiveron, dende a segunda década deste século, activistas comprometidos no socialismo arxentino. Malia que non todos os líderes sindicais galegos en Bos Aires amosaron interese por estender a súa actividade ó asociacionismo étnico, si semella evidente no caso porteño que unha parte importante daqueles encontrou un eido de actividade complementario na promoción do tecido asociativo galego. Os móbiles para iso eran resumidos de xeito exemplar en 1928 polo socialista de Riobarba Vicente Paz Infante. Diante todo, o feito de que as sociedades do Sur de Galicia tendían a ser máis radicais no seu posicionamento sociopolítico (por estar nesa zona do país máis estendida a demanda pola abolición dos foros), co que a receptividade á prédica agrario-socialista era maior; a posibilidade de espallar a Galicia e ós familiares dos emigrados alá residentes os ideais polos que loitaban na Arxentina; e porque así se tentaba evitar que o mutualismo étnico caese en mans dunha elite que manipulase aquél para engrandecer a súa influencia política e poñerse ó servizo do poder, fose na Arxentina ou en Galicia. Do mesmo xeito, durante os anos 20 e 30 os galeguistas tentarán facer proselitismo nas entidades, xa que, como afirmaba o independentista e dirixente da Unión Provincial Orensana Lino Cantón no 1930, a mellor vía para estender os ideais nacionalistas na colectividade era «traballando a cotío nas sociedades, por canto as sociedades d'emigrados, todol-os sabemos, son froito d'unha ou duas persoas

⁶⁰ De feito, aínda que o papel da muller na maioría das entidades fose subordinado ó dos homes, cobraba a súa significación sobre todo na súa función de organizadoras de actos sociais e veladas festivas. Vid. P. CAGIAO VILA, *Muller e emigración*, Santiago de Compostela, 1997, 115-17.

⁶¹ Vid. A. DUARTE, *La república del emigrante. La cultura política de los españoles en Argentina (1875-1910)*, Lleida, 1998.

que forman a elite entre os demais compoentes»⁶². Por veces, as entidades microterritoriais xurdían a partires da existencia dunha sociedade con líderes activos e comprometidos politicamente unidos por fortes elos de colaboración e amizade, que incitaban á organización de asociacións propias a outros núcleos de correligionarios naturais dun mesmo lugar⁶³; e que mesmo podían substituír no liderado de sociedades ou núcleos máis ou menos informais de carácter local a antigos notábeis que exerceran sobre os seus coterráneos un liderado de carácter benefactor, cando non clientelar⁶⁴.

A maioría das sociedades de instrucción contaba cun capital social modesto e un número de socios que podía bambea entre un mínimo de 40-50 –sobre todo nas de ámbito parroquial– e un máximo de 800-1.000 –nas de ámbito municipal ou comarcal, como podía ser ABC de Corcubión⁶⁵. Polo xeral, no inventario de asociacións de dimensión media –como a *Unión Provincial Orensana* de Bos Aires, que contaba entre 100 e 130 socios– figuraban como bens da súa propiedade pouco máis que un copiador de cartas, libros de actas, libros de contas, selos, e un armario ou estantería. As sociedades relativamente podentes dispuñan de biblioteca propia, que nun caso coñecido (a Unión Progresista de Salvaterra de Miño no 1934) chegaba a 288 exemplares⁶⁶. E non acadaba o 12% a porcentaxe de sociedades que contaba cun órgano de prensa propio no período aquí considerado⁶⁷. Non moitas eran as entidades que dispuñan de local de reunión propio ou en alugueiro, xa que a maioría o alugaban nas dependencias dalgunha grande institución macroterritorial, ou ben reuníanse nunha taberna, no local do establecemento

62 V. PAZ INFANTE, «La obra de nuestra Federación. ¿Perdemos el tiempo los hombres ideológicos?», EDG, n.134, 1.11.1928, p.3; C. CANTÓN, «Os nazionalistas na Federación», *A Fouce*, n.7, 1.3.1930, p. 3.

63 É o caso, por exemplo, da actividade do líder do *Comité Auxiliar de las Sociedades Agrícolas de Puenteareas*, o mestre Ángel Martínez Castro, ou do dirixente da *Unión Galaico-Americana*, o chófer Bonifacio Botana, presentes en varios actos de constitución de sociedades locais. EDG (n. 122, 6.5.1928, p.4) recoñecía así que a Unión Galaico-Americana actuara como “vaca leiteira” dando lugar á *Unión Residentes del Partido Judicial de Arzúa*, a *Sociedad Cultural de El Pino* –da que o propio Botana pasou a ser presidente–, á sociedade de *San Mamed de la Canda*, á *Sociedad Instructiva de Frades*, ó *Centro de Mesía* e ata á sociedade leonesa *Amigos del Bierzo*.

64 Un caso de mudanza na orientación da entidade por causa do relevo de elites dirixentes é fornecido polos naturais do concello lugués de Riobarba. Aqueles reuníanse dende 1907 no domicilio de Daniel Baltasar (r/Cerrito 500), quen ademais de conselleiro na procura de traballo era protector e ata prestamista dos recién chegados, «nuestro correo, nuestra biblioteca y, en fin, nuestro rinconcito camaradoril». Os inmigrantes procedentes de Riobarba non se constituíron en sociedade, nembargante, e asociáronse ó Centro Vivariense (e máis tarde ó *Centro Hijos de Vivero*), ata que chegaron na década dos 20 a Bos Aires os activistas socialistas, tamén oriundos daquel concello, José Cobelo e Vicente Paz Infante, quen retomaron o liderado dos conveciños nunha dirección totalmente diferente e encabezaron a escisión do Centro Vivariense. Vid. EDG, n. 92, 20.2.1927, p. 4, e n. 138, 6.1.1929, p.4.

65 Por exemplo, as 37 sociedades membros da Federación de Sociedades Galegas a meados de 1929 tiñan unha media de 141 asociados, se ben con diferenzas ostensíbeis entre a máis potente, *Hijos de Silleda* (540 socios) e a máis feble, *Hijos de la Parroquia de Sande* (37 socios). Vid. EDG, n.148, 2.6.1929, p.3.

66 *Reglamento y catálogo de libros de la Sociedad Unión Progresista del Distrito de Salvatierra de Miño en Buenos Aires*, Bos Aires, s.d. [1934].

67 De xeito provisorio, podemos afirmar que existiron 39 órganos de sociedades de instrucción con periodicidade variábel entre 1905 e 1936 (elabora a partires de V. PEÑA SAAVEDRA [dir.], *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela, 1998, 105-90, e datos propios).

comercial dalgún directivo, en locais de sindicatos ou do Partido Socialista arxentino, ou nos salóns das institucións macroterritoriais⁶⁸. Por exemplo, 16 sociedades de instrucción estaban “adheridas” á Casa de Galicia de Bos Aires en 1923. Moitas asociacións acababan por estableceren a súa sede oficiosa no domicilio particular dalgún dos directivos co fin de aforrar custos, contando ademais co labor auxiliar das fillas ou mulleres daqueles, quen cumprían adoito unha función de secretarías informais e de eficaces propagandistas. E é que, de feito, boa parte das sociedades de instrucción nacían do dinamismo social e da mobilización de contactos e redes relacionais a partires dun núcleo reducido de familias ou de individuos. Por poñer un exemplo, dos 408 socios que ingresaron en *Hijos del Partido de Lalín* entre setembro de 1908 e maio de 1912, nada menos que 114 (o 27,9%) foron presentados polo socio fundador Guillermo González, natural do concello de Lalín. O resto dos socios fundadores fixo a penas unha media de 6 asociados por cabeza, salientando os irmáns Sarandeses, da parroquia de Brántega (Agolada), que recrutaron 9 socios (7 deles de Brántega), ou José Ferradás, que fixo 10 socios, case todos (coma el) da freguesía lalinesa de Goiás⁶⁹.

Practicamente todas as sociedades de instrucción nomeaban delegados en Galicia, a ser posíbel ex-socios que retornaron a Galicia, quen no sucesivo mantiñan informados ós emigrados da marcha da vida social nos seus lugares de orixe, termaban da boa marcha dos investimentos no país, sobre todo das obras escolares e da dotación dos establecementos educativos, ou noutros casos das relacións coas sociedades agrarias. Labor para nada sinxelo, e adoito fonte de conflitos, tanto en Galicia como en América. Xa que non sempre os delegados respataban ós requirimentos esixidos polas sociedades de emigrados, que adoito se vían obrigadas a recorrer a persoas da súa non enteira confianza, no caso de non poder delegar nalgún ex-socio retornado –o que era máis usual–, ou nalgunha sociedade agraria. Así, a sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Cospeito* laiaba cinco anos despois de fundada, en 1931, a pasividade dos seus delegados en Cospeito, que nin fundaran unha comisión para estudar a dotación de escolas no concello nin promoveran a fundación dun sindicato agrario ou dun periódico anticaciquil; pola contra, recoñecían os porteños que «suponemos que muchos de los que aceptaron nuestra representación, tienen más de caciquismo que de cosa alguna»⁷⁰. Igualmente, as desavinzas entre as entidades bonaerenses, as súas delegacións en Galicia e mais as sociedades agrarias, ou os bandos e periódicos anticaciquís, financiadas dende Arxentina adoitaban estourar en canto os agraristas aceptaban entrar en *componendas* e pactos de carácter local cos “caciques”. Así aconteceu, por poñer algúns exemplos, entre os agraristas da bisbarra de Lalín e a *Unión del Partido de Lalín* a comezos dos anos 20; entre a

⁶⁸ Por exemplo, as asembleas de socios da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Coirós* reuníronse alternativamente no local dalgún directivo, en locais cedidos polo Centro Galego ou o Orfeón Galego, da *Unión de Cortadores y Sastres, Costureras y Anexos*, do Partido Socialista arxentino (Belgrano 1426), no café do consocio M. Castro (Cangallo 1299), e na sede da Federación de Sociedades Gallegas.

⁶⁹ Elaborada propia en base ó libro de rexistro de socios de *Hijos del Partido de Lalín, 1908-1912* (ACL).

⁷⁰ Copia de carta do Secretario Xeral da sociedade *Hijos del Ayuntamiento de Cospeito y sus contornos* a Manuel Alvarez en Cospeito, Bos Aires, 1.1.1931 (Arquivo do Centro Galicia de Bos Aires).

Federación Agraria municipal de Salceda de Caselas e mais o Centro de Protección Agrícola de Salceda en Bos Aires após 1917; entre os agrarios do concello de Teo e mais as sociedades de Teo en Bos Aires dende 1922, ou entre os agrarios de Pontearreas e mais os emigrantes desa bisbarra, tamén nos anos 20⁷¹.

Contamos só con achegamentos moi indirectos ó nivel de implantamento que estas formas asociativas microterritoriais acadaron entre o conxunto dos seus connaturais ou convencións emigrados en Bos Aires. Algunhas calas parciais suxiren un índice entre un 33% e un 50% no mellor dos casos. Non todas as sociedades de instrución conquerrían o mesmo nivel de representatividade e aceptación entre os emigrados do seu ámbito xeográfico de actuación, o que parecía depender moito da personalidade e dinamismo dos iniciadores, da orientación sociopolítica da entidade, dos servicios mutualistas que ofrecese, da súa oferta recreativa e da presenza ou non de sociedades parroquiais que entraban en competencia cunha de ámbito xeográfico máis amplo (municipal ou partido xudicial). No caso de sociedades municipais, o implantamento acadado era variábel, aínda que tendencialmente inferior ó das parroquiais, e bambeaba entre o 70% de *Residentes de Trazo* en 1926, o perto dun terzo dos residentes do concello de orixe en Bos Aires acadado pola Unión Progresista de Salvaterra de Miño no 1926 ou polo *Centro Arnoya* no 1921, o 5% que recoñecía *Hijos de Silleda* no 1909 ou o escaso 6,6% que confesaba a *Sociedad Cultural El Pino* en 1930⁷². Para máis, os laios nas actas societarias e na prensa galega verbo da baixa participación dos socios nas asembleas e no quefacer colectivo eran moeda habitual. Adoito concorria ás asembleas mensuais menos do 15% dos inscritos no rexistro de asociados, e boa parte das cotas eran satisfeitas con grande irregularidade. Malia iso, os dirixentes seguían interesados en manter a afiliación teórica das sociedades para así seguiren a presentarse como as elites da colectividade, fortécendose ademais certas relacións de tipo clientelar entre aqueles e a masa asociada. Só cando xurdían disputas polo liderado, ou se convocaban eleccións nas entidades locais con vistas a elixir membros na Xunta Executiva das federacións (como ocorría no seo da *Federación de Sociedades Gallegas* [FSG] durante a segunda metade dos anos 20), se fomentaba realmente a participación da masa asociada⁷³. As queixas sobre a falla de

71 Vid. NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, cap. III-V, para máis detalles.

72 Vid. *Céltiga*, 25.7.1926; Acta da asemblea xeral ordinaria da Unión Progresista de Salvaterra de Miño, Bos Aires, 27.3.1927, en *Libro de Actas de Asembleas, 1921-1936* da sociedade (AFSG); CG, n. 817, 11.12.1921, p.2; acta da asemblea xeral ordinaria de *Hijos de Silleda*, 15.8.1909, Libro de Actas de Asembleas Xerais Ordinarias de *Hijos de Silleda* (1908-1939), ACL; *Acción Gallega*, 30.6.1934, p.3.

73 Con todo, o control dos libros de contas das sociedades locais era un dos puntos que máis friccións causaba no seo da FSG, xa que dese xeito descubríase a representatividade real das entidades. Os líderes societarios manexaban a cuestión ó seu gosto e, de precisaren o voto dos asociados, inflaban o rexistro ou ben mesmo "mercaban" sufraxios. Iso explica os cambios bruscos de orientación no voto nas eleccións a membros da Xunta Executiva da Federación entre 1923 e 1929, en función da capacidade de manipulación da masa asociada das entidades locais nas que tiñan peso por parte dos dous sectores en disputa (socialista e nacionalista). Así, nas eleccións parciais para a anovación da Xunta Executiva da Federación celebradas en decembro de 1928, as nove sociedades controladas polos nacionalistas aportaron 457 votos, dos que 252 procedían de dúas delas, mentres as 28 sociedades restantes nas que os socialistas tiñan máis forza só forneceron 213 votos, debido á baixa mobilización dos seus afiliados. Vid. EDG, n. 138, 6.1.1929, 1-3.

interese das asociacións locais na estrutura federativa tiveron continuidade, de xeito paralelo ás denuncias da “manipulación” das mesmas por dirixentes dos que o único interese era político, e ás paralelas dos dirixentes sobre o escaso interese dos socios por concorreren ás asembleas. Con todo, a participación era máis elevada que nas grandes asociacións mutualistas de dimensión galega ou española⁷⁴. Na altura de 1925, o boletín oficial do Centro Galego de Bos Aires laia base de os seus quince mil asociados representaren un escaso 20% do total de galegos residentes na capital. E no 1914, a media de varóns españois maiores de idade residentes na Arxentina que pertencían a unha sociedade mutualista estimábase nun 25%⁷⁵.

Do punto de vista da súa evolución e natureza sociopolítica, as sociedades microterritoriais presentan características moi diversas. Algunhas delas tiñan orixe en montepíos obreiros de base étnica, creados através do contacto dos emigrantes co movemento operario arxentino, rexistrándose varios casos de sociedades que naceron con encosto do Partido Socialista. Mais non era ésta a tónica maioritaria. As máis das sociedades de instrucción presentaban un ideario político-social de contornos bastante máis moderados, vencellado diante todo cun proxecto democrático de imprecisos lindes e centrado nun comezo en problemáticas relacionadas co poder local, que en xeral é definíbel como *anticaciquil*, de construción da sociedade civil e de *rexeneración*. O mutualismo non se asociaba a un proxecto de clase, mais si permitía concibir un impreciso horizonte utópico de democratización e extensión do *progreso* entendido en clave positivista. E iso tamén podía preparar o terreo para outras formas de acción colectiva.

Todo este conxunto de iniciativas tivo un ámbito de actuación preferentemente local. Mais non de xeito exclusivo. As angueiras de tipo benéfico, tales como a promoción de obras públicas –asilos, hospitais, cemiterios, etc.– tiñan como marco os concellos e freguesías de orixe. Mais no eido das iniciativas sociopolíticas apréciase un proceso de coordinación de esforzos que comezaran de xeito multiplicado e disperso, e así mesmo a elabora dun certo proxecto común, sobre todo a partir de 1912-15. Na conformación dese proxecto a nivel macroterritorial galego xogaron un papel fundamental tanto as propias elites intelectuais e políticas dos emigrantes coma o influxo e proxección, a diferentes niveis (local ou territorial), dos movementos sociopolíticos actuantes en Galicia de carácter anticaciquil, particularmente do movemento agrarista.

74 Vid. por exemplo o chamamento do secretario da sociedade *Hijos de Preyediños* ós consocios, do secretario de *Hijos del Ayuntamiento de Poyo*, ou de varios socios de *Hijos del Ayuntamiento de Meaño* no mesmo senso, en EDG, n. 90, 16.1.1927, p.7, e n. 151, 21.7.1929, p.5; CG, n. 891, 6.5.1923, p. 3. A media de asistencia de socios ás asembleas anuais de *Hijos de Silleda* entre 1908 e 1936 foi inferior ó 10% do total; na sociedade de Coirós, a porcentaxe, mesmo sendo algo maior, bambeou entre o 5% de 1911, o 17,2% de 1928 e máis o 16,2% de 1933; e na UP de Salvaterra de Miño, a porcentaxe mantívose arredor dun 10% dos socios entre 1923 e 1931 (*Libro de Actas* da sociedade *Hijos de Silleda*, ACL; libros de rexistro de socios e libro de actas de asembleas xerais de *Hijos de Coirós*, AHAC, e *Libro de Asambleas Generales* da UP Salvaterra de Miño, AFSG). A denuncia da falla de interese das entidades locais en participar no Consello Federal en EDG, n. 126, 1.7.1928, p. 2.

75 *Boletín Oficial del Centro Gallego*, 31.1.1925, 4-5; F. DEVOTO, *Le migrazioni italiane in Argentina. Un saggio interpretativo*, Nápoles, 1994, p. 149.

4. EDUCACIÓN...E ALGO MÁIS

A fundación e/ou dotación de establecementos educativos nos seus lugares de orixe foi a sobranceira finalidade destas entidades. E ás sociedades radicadas na Arxentina débese a creación de 65 escolas en toda Galicia, sobre todo concentradas nas provincias de Pontevedra (29) e A Coruña (25)⁷⁶. A instrucción era considerada como a garantía de que os naturais do lugar, e nomeadamente os máis mozos, non debían sufrir as mesmas penalidades cós que emigraran, e puideran acceder a mellores oportunidades laborais, quer na emigración ou quer en Galicia. Mais o fomento da educación e a construción ou dotación de escolas nos seus lugares de orixe non era o único obxectivo. Ou, en todo caso, non sempre era un fin carente de connotacións sociopolíticas máis amplas, á parte das implícitas no propio proxecto educativo e no ideario pedagóxico que informaba á maioría das escolas sostidas polos inmigrantes. Este último era polo xeral máis avanzado, neutro (ou laico) en materia relixiosa e progresista que o que caracterizaba ás escolas estatais. O obxectivo implícito da instrucción había ser contribuír á rexeneración individual do labrego, facelo *conscente* dos seus dereitos e preparalo para loitar pola súa *emancipación*, capacitalo para a acción colectiva e así dar cabo ó caciquismo e fanatismo relixioso que invalidarían ata entón os seus dereitos democráticos. Como lembraban os emigrados lalineses en xaneiro de 1920, a escola iría «en beneficio de los futuros regeneradores de nuestro terruño querido», aspecto no que recuncaba tamén o dirixente societario Jesús Blanco no 1923 en carta a un mestre de escola de Gresande: «las esperanzas de esta sociedad [...] son las de ver los niños de hoy que son los hombres del mañana, educados libres de todo prejuicio, haciéndolos capaces para el progreso moral y material del pueblo que los vio nacer, que debido a la falta de una instrucción adecuada para sus hijos se encuentra en un atraso lamentable»⁷⁷. O obxectivo final da promoción de instrucción, xuntamente co apoio ás iniciativas dos agraristas e á mobilización anticaciquil había ser, como expuñan os directivos de *Hijos de Santa Comba y Anexos* á sociedade agraria do seu concello de orixe en 1923, unha sociedade «libre, progresista y culta, basada en el orden y la justicia»⁷⁸.

Mais o que garantiu a pervivencia e adaptabilidade das sociedades microterritoriais foi a súa polivalencia. Aínda que as finalidades das entidades podían variar considerablemente segundo os casos e non se manteñen de xeito uniforme e inalterado ó longo da

⁷⁶ PEÑA SAAVEDRA, *Exodo*, vol. II, 25-50.

⁷⁷ Circular do *Comité pro-defensa de la Escuela en Freixeiro*, Bos Aires, xaneiro de 1920; carta de Jesús Blanco a Manuel Sánchez (Gresande), Bos Aires, 17.9.1923 (ACL). Sobre o programa pedagóxico e as súas implicacións políticas, vid. PEÑA SAAVEDRA, *Éxodo*, vol. I, 536-44; NÚÑEZ SEIXAS, *Emigrantes*, 127-40. Houbo poucos casos de escolas sostidas polas sociedades de instrucción que optasen por un modelo tradicional e católico de ensino: un deles foi a sociedade *Pro-Escuela Hijos de Loño*, fundada en Bos Aires no 1912.

⁷⁸ Carta da Comisión provisoria de *Hijos de Santa Comba y Anexos* á sociedade agraria de Santa Comba, Bos Aires, 5.8.1923, reproducida en CG, n.905, 12.8.1923, p. 4.

súa existencia, aquélas cinguíanse basicamente a cinco coordenadas, máis ou menos acentuadas en cada exemplo particular:

1) Levar a cabo unha actividade de protección mutua dos seus asociados, en base a un vencello de solidariedade local, que cubrixe sobre todo casos excepcionais como repatriación, enfermidade e morte (cubriendo neste caso gastos de enterro e acompañando unha representación da entidade o velatorio e funeral); e complementariamente fomentar a cultura e instrución dos mesmos (mediante a dotación de bibliotecas, por exemplo). Servindo ó mesmo tempo de lugar de sociabilidade para o lecer e tempo libre dos integrantes, através dunha ampla oferta de actividades recreativas. Boa parte dos que se asociaban a estas entidades o facían na procura de incentivos selectivos, tendendo a seguir de xeito mimético as orientacións políticas dos líderes. Xa que, se o asociacionismo podía supór para unha minoría de dirixentes un medio para pór en práctica unha actividade política militante, para unha boa parte dos emigrados aquél significaba diante todo beneficios materiais concretos: protección en caso de enfermidade, repatriación, paro ou morte. Os laios dos dirixentes verbo da falla de participación dos asociados nas asembleas xerais ou nos actos de cáste máis política, por contraste co concorrido das festas, eran habituais⁷⁹. Trataríase dunha traducción práctica do coñecido “dilema do gorrón” (*free-rider*) nos movementos sociais, explicitado polas teorías da mobilización de recursos⁸⁰. Deste xeito, a sociedade *Hijos de Buján* laiábase no 1933 dos varios exemplos de asociados, na súa maioría inmigrantes que en Galicia foran adherentes da sociedade agraria de Buxán, quen ó chegar a Bos Aires ingresaban na entidade «con el único propósito de explotarla y recibir de la misma ciento por uno, para luego darse de baja, satisfechos de haber hecho un gran negocio [...] con el propósito preconcebido de ordeñarla hasta extraerle la última gota»⁸¹.

⁷⁹ Así e todo, a organización de festivais adoitaba deixar perdas nas caixas sociais. Porén, ningunha entidade renunciaba a dar polo menos un festival semestral debido á alta rendibilidade en termos comunitarios e asociativos, en canto fortalecía os elos de paisanaxe. A Unión Comunal de Catoira, así, pretendía selar unha época de desavinzas internas cun festival que «no desmerezca en anda a aquelas memorables de nuestra amada Catoira, fiesta que si entre nosotros hubiere alguna diferencia, sirva para borrarla de nuestra mente para siempre, que sea una verdadera fiesta de familia» (EDG, n. 128, 5.8.1928, p. 4). As festas tamén eran un bó reclamo para atraer novos socios, en busca de lecer e encontros co outro sexo. Segundo o sarcástico relato dun emigrante no 1917, as festas societarias deviñan así unha mestura de «poetas chirles, cantantes pésimos y artistas incipientes», xunta discursos político-sociais nos que se enalzaban «las virtudes del proletariado» e se denunciaba o atraso de España, «culpando de su decadencia presente a cuanto cura, fraile y monja vive por allá»; a iso uníase un baile cheo de «hombres de smoking, pantalón a rayas y corbata chillona, y [...] mujeres de blusa verde, falda azul y peinados extraordinarios, recargadas de chafalonía y baratijas» (L. SÁNCHEZ ABAL, *Unos años de emigración en Buenos Aires*, Bos Aires, 1917, 21-23).

⁸⁰ Vid. as clásicas elaboracións de M. OLSON, *The Logic of Collective Action*, Cambridge (Ma.), 1965, 43-51.

⁸¹ *Acción Gallega*, n.91, 14.9.1933, p. 3. Detalla así varios casos de asociados que, ó pouco tempo de ingresaren, percibiron o subsidio de enfermidade por un número de días, e que logo de terse beneficiado do mesmo resolveron darse de baixa.

A medio e longo prazo, a relevancia dos fins mutualistas foi diminuindo. Persistiu, con todo, a repatriación de asociados doentes ou sen recursos, así como o enterro e funeral social no caso de morte en América, contando algunhas sociedades de instrucción con panteón propio. A concesión dos subsídios por enfermidade e morte estaba suxeita a frecuentes comprobacións por medio de comisións específicas, só se financiaba un número limitado de días de doenza, e asegurábase o concurso de médicos de confianza da sociedade que accedían a facer unha rebaixa ós asociados, polo xeral non galegos –sen dúbida para evitar favoritismos⁸². Moitas veces o recurso ó mecenazgo informal dos directivos máis podentes, ou as subscricións extraordinarias en solidariedade con algún consocio, eran os mecanismos que permitían a supervivencia económica das entidades. A longo prazo, e nomeadamente nos anos 30, só permaneceu a repatriación de inmigrantes en situación necesitada, para o que as sociedades de instrucción precisaban adoitado interceder perante o Consulado español ou a FSG co fin de que subvencionasen unha parte desas pasaxes⁸³. Con todo, dende o implantamento da II República en España varias sociedades de instrucción decidiron ofrecer os locais escolares promovidos en Galicia ó Ministerio de Instrucción Pública español e dar prioridade ós fins de mutualidade. Algunhas delas levaron a cabo unha reforma dos seus estatutos nese senso para frear a caída no número de asociados que se rexistrou de forma xeral, e atender ás necesidades do colectivo inmigrante, atinxido polas consecuencias da crise económica de 1929⁸⁴.

2) O fomento e apoio á instrucción primaria nos seus lugares de orixe, mediante o aporte financeiro á construción e dotación de establecementos escolares. O que constituíu un obxectivo primordial da maioría das sociedades, se ben non o único. Fin que, polo demais, adoitaba esgotar os recursos de reserva das entidades, o que só se puido solventar no longo prazo mediante a cesión ó Estado durante a IIª República dos

⁸² As discusións internas nas asembleas de sociedades como *Nativos del Ayto. de Cambados* mostran as restricións coas que se administraban os recursos destinados a protección mutua. Así, por exemplo, o subsidio por morte podía negárselle á viúva dun asociado por terse observado «conducta irregular» desta última (Acta do 5.6.1927, *Libro de Actas de Asambleas Generales* da sociedade Nativos del Ayuntamiento de Cambados, AFSG). Dos beneficios dos subsidios por enfermidade adoitaban excluírse as doenzas venéreas, as feridas en tirapuxas e desafíos ou tentos de suicidio, e en todo caso limitábase a concesión da axuda só ós socios con máis dun ano de cotización que tivesen observado conduta honorábel, sempre e cando os fondos sociais o permitisen (vid. por exemplo SOCIEDAD HIJOS DEL AYUNTAMIENTO DE GOLADA Y CONTORNOS, *Estatutos aprobados por la Asamblea General Ordinaria celebrada el día 17 de Mayo de 1931*, Bos Aires, 1934, § 17-20).

⁸³ De feito, unha parte apreciable da correspondencia entre a Xunta Executiva da FSG e as entidades adheridas consistía en demandas de cofinanciamento de pasaxes para Galicia de socios repatriados, intercesións co mesmo fin perante o Consulado español, ou subvención a asociados en situación precaria (*Libro de Actas* da Comisión Executiva da FSG 1921-25, AFSG).

⁸⁴ Un bó exemplo diso foi a reorientación e potenciación dos fins mutualistas na ata 1931 próspera sociedade *Hijos de Silleda* (*Libro de Actas de Asambleas Generales* da sociedade *Hijos de Silleda*, ACL), ou ben a supresión no 1934 dos fins de instrucción na sociedade Residentes de Mos, que pasou a incrementar os fondos destinados a protección e recreo (OTERO LAGO, op. cit., p. 28).

locais escolares, ou ben mediante o recurso ó mecenazgo informal dos socios máis podentes, ás doazóns de terreos por parte de simpatizantes ou retornados, e mais ás subscricións extraordinarias entre os asociados⁸⁵.

3) Complementariamente ó anterior, situábanse obxectivos como o fomento do progreso agrícola e gandeiro (promoción en Galicia dos seguros de gando, apoio á introducción de novas técnicas e maquinaria agrícola, dotación de campos de experimentación e granxas agrícolas, formación do labrego, etc.), do que en máis dunha ocasión se ocupaban os programas escolares das fundacións dos “americanos”; así como iniciativas concretas ó nivel parroquial e municipal para mercar adubos e fertilizantes, ou máquinas de uso comunal custeadas polos emigrantes⁸⁶. Tamén houbo casos, coma o de *Nativos del Ayuntamiento de Cambados*, en que se financiaron ensinanzas prácticas para pescadores en Galicia⁸⁷.

4) Igualmente, o fomento da construción de obras públicas e benéficas nos lugares de orixe, dende hospitais ata o alumeadado público, pasando por beirarrúas, lavadouis, traídas de augas, pontes e camiños, e un longo etcétera.

5) O apoio a iniciativas políticas a nivel local e, máis tarde, territorial galego, que tendesen a unha *rexeneración* da vida pública, eliminando o poder dos caciques mediante a mobilización e conscienciación cívica do campesiñado, favorecendo a democratización do sistema político, a transparencia da xestión e o que se adoitaba denominar «mejoramiento y engrandecimiento moral, material y político»⁸⁸. Rúbrica baixo a que se agachaba unha ampla gama de plantexamentos políticos, revestidos adoito dunha clara

85 Un exemplo foi *Hijos de Silleda*, que acordou proceder á construción da primeira escola a instigación de Antón Alonso Ríos en 1911, mediante unha subscrición extraordinaria e mais o abono dunha cota adicional pro-escola por parte dos socios. É un claro caso de mecenazgo informal é o do xoieiro Manuel Puente, promotor sobranceiro da UP Salvaterra de Miño, quen no 1928 adiantou do seu peto os fondos precisos para afrontar o remate da construción da Casa de Pobo e Cooperativa inaugurada en Salvaterra de Miño no 1929 (Acta da asemblea xeral ordinaria do 15.10.1911, en *Libro de Actas de Asambleas Generales de Hijos de Silleda (1908-1939)*, ACL; Acta da asemblea do 15.4.1928, *Libro de Actas de Asambleas da UP Salvaterra de Miño*, AFSG).

86 Varias revistas das sociedades de instrución incluían seccións regulares adicadas á difusión dos novos métodos agrícolas, emprego de novas maquinarias e cultivos, etc.; e os mestres e colaboradores da mesma tamén facían propaganda en Galicia en prol da precisa formación técnica do labrego como mellor medio de contribuír á súa “rexeneración”, propugnando ás veces técnicas de cultivo aplicadas na Arxentina. Noutras ocasións, as asociacións de emigrados enviaban libros de ensinanzas agrícolas modernas ós seus lugares de orixe, para seren consultados en salas de lectura, ou ben inserían directamente novas técnicas e apeiros através das súas delegacións en Galicia.

87 EDG, 17.12.1929, p.6. A sociedade, polo demais, estivo vencellada ó pósito de pescadores da vila de Cambados dende a súa fundación, ó igual que *Residentes del Municipio de Riobarba*, que mantiña unha estreita relación cos pósitos de pescadores de O Vicedo. Vid. *Acción Gallega*, 13.3.1933, p. 3.

88 Como facía a *Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito* en 1916: vid. «Acta de Fundación de la Sociedad», *Boletín Oficial de la Sociedad Fomento de Porriño y su Distrito*, n.17, abril 1926, p. 3.

compoñente comunitaria: o encosto á sociedade de labregos organizada da freguesía ou á federación agraria municipal, con fins máis o menos utilitarios⁸⁹. Para ese labor, as angueiras dos emigrados de Bos Aires conxuntábanse adoito coas dos seus conveciños emigrados na Habana ou no Brasil, alentándose mutuamente⁹⁰.

⁸⁹ A subvención ás sociedades agrarias podía consistir en envíos regulares de fondos, financiamento do seu local social, dotación de servizos ás mesmas, e un longo etcétera. Por poñer un caso, a *Sociedad Protectora de Barrantes*, Tomiño (fundada en 1912) rememoraba no seu 20 cabodano o labor desenvolvido pola entidade, que investiu a totalidade dos seus fondos en Galicia (que calculaba en cincoenta mil pesetas): subvencións regulares á *Sociedad de Obreros y Agricultores* da parroquia, sendo tamén suvencionado polos bonaerenses o médico para os seus adherentes; e dous edificios escola, inaugurados en 1932 (CG, 23.10.1932, p. 2). O CPA de Salceda de Caselas e máis *Hijos de Salceda de Caselas* de Río de Janeiro financiaron o médico das sociedades agrarias de Salceda, amais de contribuír practicamente cun 100% ós gastos electorais da Federación Agraria municipal entre 1914 e 1917, e soste con envíos regulares e máis con subscricións alén mar o periódico *El Despertar* ata a súa suspensión definitiva no 1917 (diversas cartas, ACTS). E a sociedade de Moraña en Bos Aires acordou no 1921 cofinanciar tanto o periódico dos agraristas de Moraña (*El Bólido*) como a construción dunha casa social para a *Sociedad de Oficios Varios* de Moraña, se ben ó pouco tempo xurdiron desavinzas entre emigrados e agrarios, pois aqueles acusaban ós segundos de non os informar con regularidade e chegar a pactos cos *caciques* (vid. *El Bólido*, Moraña, n.105, 28.8.1921, e n.121, 10.7.1923).

⁹⁰ Por exemplo, o presidente da sociedade *Hijos del Partido de Lalín* na Habana lembraba ó presidente da sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires que, amais de colaborar na construción dun Hospital-Asilo en Lalín, era preciso que os de Bos Aires «presten su apoyo en lo que puedan a las sociedades de labradores de la comarca en la campaña que tienen por la redención de foros pues creo [sic] que con ello se hace el servicio más grande que puede acerse [sic] a Galicia» (carta de Cándido Lamas a presidente da sociedade *Hijos del Partido de Lalín* de Bos Aires, A Habana 18.4.1910, ACL).